

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 27 DE DECEMBRO DE 2012

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e sete de decembro de dous mil doce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez e dona Marta María Vázquez Golpe, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, don José Antonio Orosa Fernández e dona Elisa Pestonit Barreiros, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás, de EU; dona María Victoria Amor Prieto e don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Non asisten, con escusa, don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP, e dona María Olga Santos López, de EU.

Asisten dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 27 de setembro de 2012 e á sesión ordinaria do día 25 de outubro de 2012

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 27 de setembro de 2012 e á sesión ordinaria do día 25 de outubro de 2012.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, solicita que quede sobre a mesa a acta do 27 de setembro de 2012, poque di que lles gustaría revisar o audio.

O Sr. alcalde manifesta que non hai ningún problema.

Non se formulan máis alegacións, polo que a Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, acordou deixar sobre a mesa o borrador da acta da sesión ordinaria do día 27 de setembro de 2012, e aprobar o borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 25 de outubro de 2012.

2º Proposta de aprobación da Conta xeral do Concello de Cambre do exercicio 2011

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Especial de Contas de data 29 de outubro de 2012.

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo de data 19 de decembro de 2012.

Concedida a palabra a dona Marta María Vázquez Golpe, concelleira do PP, explica que procede a aprobación da Conta xeral no pleno, unha vez que foi ditaminada favorablemente pola comisión informativa, e unha vez que transcorreu a súa exposición ao público sen que se presentasen reclamacións. Sinala que se hai algunha pregunta non ten inconveniente en contestala.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, di que quere facer unha serie de aclaracións. Primeiro quere dicir que o goberno se anticipou en declarar aos medios de comunicación que os reparos de Intervención se reduciron un 40%, e pode que segundo os informes se reduci sen un 40%, pero o que non se reduciu é o seu importe, que segundo as súas contas reduciuse un 15,70%. Consideran que é importante que cando se fala de recursos públicos, non se frivolice, por iso piden un pouco máis de seriedade, e que non intenten maquillar as contas, xa que pode haber dúas interpretacións. Di que o que se reduciu son os informes, pero que os reparos se reduciron bastante menos, aínda que recoñece que efectivamente se reduciron.

Respecto da aprobación e forma de xustificar o destino das asignacións económicas que perciben todos os grupos da Corporación, que é unha cuestión que se vén repetindo todos os anos, e á cal a interventora lle pon reparo, non se acordou en pleno como se teñen que xustificar. O seu grupo ten preparada a conta das subvencións que recibe, e en calquera momento se lles pode pedir a fiscalización, porque eles están dispostos a presentala. Cre que o goberno ten que tomar cartas nese asunto, porque xa se apuntou a vez pasada, e non sabe se se fixo algo respecto do tema. Di que malamente se pode pedir responsabilidade das contas do concello se eles mesmos non son capaces de presentalas, polo tanto, como xa o pediron a vez pasada, quere preguntar polas xestións que se fixeron nese sentido.

Segue explicando que outro dos puntos que consideran importantes son os reparos por importe de 863.940 euros. Aínda que, como dixo antes, redúcense respecto do ano 2010, pensan que é un importe bastante elevado, e para eles debe ser prioritario que eses

reparos, se é posible, sexan cero ou menos que ata agora. Sobre todo están falando sempre do informe de Intervención, e basicamente nos expedientes de contratación. Algunhas cantidades que consideran moi importantes son os 250.000 euros á empresa Eulen, 380.000 euros facturados por Viveiros Orto, ou 365.000 facturados por Augaservi, que ano tras ano ten reparos. Di que non saben como está a situación para facer estes contratos.

Continúa dicindo que se fan un pouco de memoria e se remiten ao pleno de decembro do 2011, hai case un ano, o seu grupo levou unha iniciativa preguntando polos contratos que había en precario no concello, e o concelleiro delegado contestoulles que os contratos de mantemento da calefacción e climatización, e mais o contrato de mantemento de zonas verdes, xa estaban listos para contratar, e que os técnicos xa estaban a preparar a documentación para poder contratar o mantemento de urinarios e subministración de combustible. Transcorrido un ano, eses servizos, segundo o informe de Intervención, seguen sen estar contratados, polo que lles gustaría que tamén se lles explicase os trámites que se fixeron para contratalos.

Respecto do mantemento de auga potable di que é un contrato que está en precario dende o ano 1995, e aparentemente todos están de acordo en que se debe poñer ao día, o propio concelleiro delegado comentoulles que o responsable da empresa se ía xubilar e que de inmediato se ía contratar, de forma urxente. Un ano despois segue nas mesmas, sen estar contratado, e están falando dunha cantidade que son 365.000 euros que pagan as arcas municipais. Di que iso merece unha xestión eficaz, sobre todo tendo en conta o tempo transcorrido, porque están a falar do ano 1995. Á anterior Corporación reprochábanlle sempre estes temas, pero levan ano e medio desta nova lexislatura e seguen coa mesma historia, polo tanto, pensa que isto merece unha explicación.

Conclúe dicindo que, neste sentido, non se poden permitir máis demora, porque están dando unha mala imaxe respecto da contratación deses servizos. En canto á votación di que o seu grupo vaise abster.

Toma a palabra o Sr. alcalde para preguntar se hai algunha intervención máis, e se non, pasan á votación.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que a el gustaríalle que lle responderan ás preguntas que fixo.

O Sr. alcalde di que el entende ao Sr. Taibo perfectamente, e a algunha das preguntas pode contestarlle. El asume como responsable do goberno as críticas, e o seu obxectivo é o que o propio voceiro de EU dixo, lograr que no mínimo tempo posible os reparos sexan cero.

Continúa dicindo que hai explicación para algunhas cousas, para outras falta de tempo e falta de persoal, pero tamén hai outras nas que se están dando os pasos para cambiar,

unha delas son os 365.000 euros de Augaservi. O Sr. Taibo Casás sabe perfectamente que aí hai un problema, e o problema, o cal están a punto de solucionar, é que a empresa que colla o contrato ten que subrogar a todo o persoal da empresa que está actualmente prestando o servizo. Aínda que se xubile Otero, neste caso, o seu persoal ten que subrogalo a nova empresa á que se lle adxudique o contrato, e aí é onde está a dificultade. Explica que xa tiveron catro reunións con Otero e que están chegando a un acordo, el espera que a finais de ano, cando presenten a Conta do 2012, alá polo mes de setembro ou outubro, xa non haberá o problema de que ese contrato estea en precario.

Continúa dicindo que o voceiro de EU tamén falou doutros contratos, como por exemplo o de Eulen, pero el agora mesmo tería que repasalo, porque de todos os contratos de memoria non se lembra, e non sabe nin o que se lle pagou nin o precario que está. Con Orto están nas mesmas, están esperando, supón que sairá en poucos días, para sacar o prego e facer a contratación de todo o tema da limpeza de parques e xardíns.

Conclúe dicindo que o Sr. Taibo fixo tantas preguntas en cascada que xa non lembra que máis contestarlle, pero como vai quedar recollido na acta, di que a lerá e pasaralle por escrito a resposta, porque de memoria non lle pode contestar a todas as preguntas que lle fixo.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás dálle as grazas ao Sr. alcalde, pero dille que o contrato que acaba de mencionar non é un contrato, que o financiamento non se produciu nin o ano pasado, nin hai dous nin tres, están falando dun contrato de 1995, e el cre que esta serie de problemas son os que a nova Corporación, e o alcalde como tal, debe afrontar tan pronto chega, evidentemente supón que así o faría, pero pasou ano e medio e seguen nas mesmas. É un problema que veñen arrastrando dende hai moitísimo tempo, e eses problemas se non se van solucionando, vanse agrandando a cada paso. Di que é certo que hai un problema coa subrogación do persoal, pero é que son anos, anos e anos. Co tema de Orto explica que pasa o mesmo, o concelleiro díxolles que xa tiñan todo preparado para contratar, e así consta en acta, na que se di: “os contratos de mantemento de calefacción e climatización e mantemento de zonas verdes xa estaban listos para contratar, e que os técnicos xa estaban preparando a documentación para poder contratar o mantemento de urinarios e subministración de combustible”.

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, di que estaban preparando a documentación, non era que estiveran listos, iso cambia bastante as cousas.

Don Luis Miguel Taibo Casás pregunta entón canto leva preparar esas cousas, que se leva un ano preparalas.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre explica que non son cousas sinxelas, sobre todo no caso do procedemento para a subministración de auga potable,

que é un contrato que sairá posiblemente por vinte e cinco anos, un contrato de xestión de servizo público, que evidentemente require moita preparación e moito estudo. Di que o raro sería que o fixesen en quince días.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás di que el está a falar do mantemento de calefacción e zonas verdes, que son concretamente dous servizos que se dixo que xa estaban listos para contratar.

Toma a palabra o Sr. alcalde e dille ao voceiro de EU que entende a súa preocupación porque é a mesma que a súa, e é a preocupación de todos os veciños de Cambre, pero el quere que o entendan, di que lle poden botar o que queiran que el o asume, pero o Sr. Taibo estivo no goberno quince anos, e nese tempo no que estivo non foi capaz de solucionalo, e agora quere que ese problema o resolva el nun ano, un problema onde hai que subrogar ao persoal.

Intervén o voceiro de EU para dicir que el nunca estivo no goberno neste concello, e pídelle ao Sr. alcalde que non minta e que rectifique, ademais, lembra todos os anos que estivo reclamando por estes asuntos.

O Sr. alcalde di que está ben, que o Sr. Luis Taibo non estivo nunca no goberno, pero que estivo na Corporación municipal durante quince anos, e sabe perfectamente que hai un problema, e o problema é a subrogación do persoal, porque a empresa que colla a xestión da auga ten que subrogar ese persoal, queira ou non queira, por lei, e aí é onde está o escollo. En todo caso, xa lle di que antes de que presenten a Conta xeral do 2012, será un tema que estará solucionado, se Deus o quere, e como ese, moitos máis.

Conclúe dicindo que é interese deste alcalde que a Sra. interventora non teña que facer nin un só reparo, e repite que nin un só.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás dille ao Sr. alcalde que memorice que Luis Taibo non estivo no goberno, e que cando se fala hai que falar con coñecemento.

O Sr. alcalde responde que entón tampouco lle diga el que, despois de quince anos de telo como está, que a nova Corporación xa tivo ano e medio para resolver o problema. Asegura que si van resolver o problema, e que non van tardar outros quince anos.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM, manifesta que quere aclarar o tema das zonas axardinadas, o tema de Orto. Explica que o tema si estaba preparado a comezos de ano para saír a contratación, pero detectaron zonas que se estaban coidando que non eran municipais, automaticamente deixaron de facer eses servizos, e agora están á espera de que se remate o inventario de bens municipais para sacar concretamente a licitación os terreos que estean inventariados polo concello. Di que ese é o motivo da espera, e repite que non é que non estivera preparado, porque si

que o estaba, pero que cando detectaron eses problemas, concretamente en dous cemiterios non municipais, aí pararon o tema ata que o inventario estea aprobado. Pensa que está ultimándose, e que logo fixarán as zonas que hai efectivamente para traballar, porque non só detectaron eses problemas, tamén detectaron, por exemplo, onde había unhas áreas verdes hai uns anos, que se seguía facturando a área completa, cando realmente agora non existe esa superficie verde, senón que hai un parque infantil que non ten mantemento verde. Todos eses problemas son os que se están a resolver, para sacar un contrato como Deus manda.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás dálle as grazas, e di que el, na súa intervención, o que pedía eran explicacións, e que o Sr. Marante deullas, el o que pedía era iso.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP e don Manuel Marante Gómez, concelleiro integrante do GM, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, o concelleiro presente de EU, os dous concelleiros do BNG e don José Antonio Baamonde López, concelleiro integrante do GM.

A Corporación, por sete votos a prol, acordou:

Aprobar a Conta xeral do Concello de Cambre correspondente ao exercicio económico 2011, nos termos que constan no expediente, integrada pola conta anual do concello e a documentación complementaria legalmente establecida, así como a súa remisión, unha vez aprobada, ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas.

3º Proposta de declaración de non dispoñibilidade de créditos do capítulo 1 do Orzamento municipal do Concello de Cambre de 2012

Vista a proposta de Alcaldía de data 19 de decembro de 2012 que se transcribe a continuación:

“O apartado 1 do artigo 2 do Real decreto-lei 20/2012, “Paga extraordinaria do mes de decembro de 2012 do persoal do sector público”, establece a obrigaón de reducir as retribucións anuais de 2012 do persoal ao servizo do sector público, no importe correspondente á paga extraordinaria a percibir no mes de decembro, nos seguintes termos:

“No ano 2012 o persoal do sector público definido no artigo 22. Un da Lei 2/2012, de 29 de xuño, de Orzamentos xerais do Estado, verá reducida as súas retribucións nas contías que corresponda percibir no mes de decembro como consecuencia da supresión tanto da paga extraordinaria como da paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes de devandito mes”.

Adicionalmente, o artigo 22 da Lei 2/2012, de Orzamentos xerais do Estado para 2012, establece no seu apartado Dous, que:

“No ano 2012, as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar ningún incremento respecto das vixentes a 31 de decembro de 2011, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á súa antigüidade”.

Estas normas teñen carácter básico, de conformidade co disposto nos artigos 149.1.13ª e 156 da Constitución.

Segundo o Apartado 4 do citado artigo 2 do Real decreto-lei 20/2012, *“as cantidades derivadas da supresión da paga extraordinaria e das pagas adicionais de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes de acordo co disposto neste artigo destinaranse en exercicios futuros a realizar achegas a plans de pensións ou contratos de seguro colectivo que inclúan a cobertura da continxencia de xubilación, con suxeición ao establecido na Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e nos termos e co alcance que se determine nas correspondentes leis de orzamentos”.*

Este apartado establece a obrigaón de:

- 1) Inmobilizar, no presente exercicio, os créditos previstos para o abonamento das citadas pagas.
- 2) Afectar estes créditos ao fin que no propio artigo se cita (achegas a plans de Pensións ou similares), sen que poidan destinarse a ningún outro obxecto, nin no presente exercicio, nin en exercicios futuros.

Co fin de declarar como non dispoñibles estes créditos, cuxa inmovilización e destino estableceu a Lei, as Entidades locais deberían ditar, polo importe correspondente, Acordo de non dispoñibilidade, de conformidade co disposto no artigo 33 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, segundo o cal:

“1.- A non dispoñibilidade de crédito derívase do acto mediante o cal inmovilízase a totalidade ou parte do saldo de crédito dunha partida orzamentaria, declarándoo como non susceptible de utilización. 2.- A declaración de non dispoñibilidade non suporá a anulación do crédito, pero con cargo ao saldo declarado non dispoñible non poderán acordarse autorizacións de gastos nin transferencias e o seu importe non poderá ser incorporado ao orzamento do exercicio seguinte. 3.- Corresponderá a declaración de non dispoñibilidade de créditos, así como a súa reposición a dispoñible, ao pleno da entidade”

Por todo iso e conforme coa nota informativa do 5 de setembro de 2012, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, relativa á aplicación pola entidades locais do

disposto nos artigos 2 do Real decreto lei 20/2012, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, e 22 da Lei 2/2012, de Orzamentos xerais do Estado para o presente exercicio, e visto o requirimento efectuado con data 7 de decembro de 2012, da Subdelegación do Goberno na Coruña, propónse ao Pleno da Corporación:

Declarar a non dispoñibilidade dos créditos do capítulo 1 do orzamento municipal do Concello de Cambre para 2012, previstos para o aboamento da paga extraordinaria que se percibiría no mes de decembro, nas aplicacións e polos importes seguintes:

APLICACION ORZAMENTARIA	IMPORTE
2012/132/12001 SALARIO BASE A2 SEGURIDADE E ORDE PÚBLIC.	699,38
2012/132/12003 SALARIO BASE C1 SEGURIDADE E ORDE PÚBLIC.	13.298,81
2012/132/12004 SALARIO BASE C2 SEGURIDADE E ORDE PÚBLIC.	593,79
2012/132/12006 TRIENIOS PERSOAL SEGURIDADE E ORDE PUBLIC.	1.672,65
2012/132/12100 COMPLEMENTO DESTINO PERSOAL SEGURIDADE	7.891,26
2012/132/12101 COMPLEMENTO ESPECIFICO PERSOAL SEGURID.	19.259,05
2012/134/12003 SOLDOS BASE C1 PROTECCIÓN CIVIL	622,30
2012/134/12004 SOLDOS BASE C2 PROTECCIÓN CIVIL	2.375,16
2012/134/12006 TRIENIOS PERSOAL PROTECCIÓN CIVIL	138,32
2012/134/12100 COMPLEMENTO DESTINO PERSOAL PROTECCIÓN	1.569,97
2012/134/12101 COMPLEMENTO ESPECIFICO PERSOAL PROTECCI.	2.752,65
2012/151/12000 SALARIO BASE A1 URBANISMO	1.216,45
2012/151/12001 SALARIO BASE A2 URBANISMO	684,36
2012/151/12003 SALARIO BASE C1 URBANISMO	2.461,47
2012/151/12004 SALARIO BASE C2 URBANISMO	2.353,06
2012/151/12006 TRIENIOS PERSOAL URBANISMO	1.175,81
2012/151/12100 COMPLEMENTO DESTINO PERSOAL URBANISMO	5.924,12
2012/151/12101 COMPLEMENTO ESPECÍFICO PERSOAL URBANISM.	6.171,08
2012/155/12000 SALARIO BASE A1 OBRAS E SERVIZOS	684,36
2012/155/12001 SALARIO BASE A2 OBRAS E SERVIZOS	688,01
2012/155/12003 SALARIO BASE C1 OBRAS E SERVIZOS	1.236,30
2012/155/12004 SALARIO BASE C2 OBRAS E SERVIZOS	1.172,88
2012/155/12006 TRIENIOS PERSOAL OBRAS E SERVIZOS	266,12
2012/155/12100 COMPLEMENTO DESTINO PERSOAL OBRAS E SERVIC.	3.224,58
2012/155/12101 COMPLEMENTO ESPECÍFICO PERSOAL OBRAS E SERV.	3.350,52
2012/155/13000 RETRIBUCIÓN LABORAL FIXO OBRAS E SERVIZOS	12.857,19
2012/230/12000 SALARIO BASE A1 SERVIZOS SOCIAIS	684,36
2012/230/12001 SALARIO BASE A2 SERVIZOS SOCIAIS	1.489,89
2012/230/12004 SALARIO BASE C2 SERVIZOS SOCIAIS	706,15
2012/230/12006 TRIENIOS PERSOAL SERVIZOS SOCIAIS	231,99
2012/230/12100 COMPLEMENTO DESTINO PERSOAL SERVIZOS S.	2.401,16
2012/230/12101 COMPLEMENTO ESPECIFICO PERSOAL SERV. SOC.	2.265,89
2012/230/130 RETRIBUC. PERS. LABORAL FIXO SERV. SOCIAL	12.949,32
2012/2323/12003 SALARIO BASE C1 XUVENTUDE	613,07
2012/2323/12004 SALARIO BASE C2 XUVENTUDE	586,49
2012/2323/12006 TRIENIOS PERSOAL XUVENTUDE	108,65
2012/2323/12100 COMPLEMENTO DESTINO PERSOAL XUVENTUDE	904,63

2012/2323/12101	COMPLEMENTO ESPECIFICO PERSOAL XUVENTUD.	746,93
2012/241/12004	SALARIO BASE C2 AXENCIA DESENVOLVEMENTO LO.	593,79
2012/241/12005	SALARIO BASE E AXENCIA DESENVOLVEMENTO LOC.	326,04
2012/241/12006	TRIENIOS PERSOAL AXENCIA DESENVOLVEMENTO LOC.	53,19
2012/241/12100	COMPLEMENTO DESTINO PERSOAL AXENCIA DES.	587,91
2012/241/12101	COMPLEMENTO ESPECIFICO PERSOAL AXENCIA	453,09
2012/241/130	RETRIBUC. LABORAIS FIXOS A.D.L	10.097,66
2012/320/12003	SALARIO BASE C1 EDUCACIÓN	622,30
2012/320/12004	SALARIO BASE C2 EDUCACIÓN	593,79
2012/320/12005	SALARIO BASE E EDUCACIÓN	1.645,41
2012/320/12006	TRIENIOS PERSOAL EDUCACIÓN	283,02
2012/320/12100	COMPLEMENTO DESTINO PERSOAL EDUCACIÓN	1.858,18
2012/320/12101	COMPLEMENTO ESPECIFICO PERSOAL EDUCACIÓN	1.500,02
2012/330/12000	SALARIO BASE A1 CULTURA	379,33
2012/330/12001	SALARIO BASE A2 CULTURA	689,25
2012/330/12004	SALARIO BASE C2 CULTURA	1.187,58
2012/330/12005	SALARIO BASE E CULTURA	548,47
2012/330/12006	TRIENIOS PERSOAL CULTURA	135,09
2012/330/12100	COMPLEMENTO DESTINO PERSOAL CULTURA	1.690,35
2012/330/12101	COMPLEMENTO ESPECIFICO PERSOAL CULTURA	1.356,83
2012/332/12000	SALARIO BASE A1 BIBLIOTECAS	684,36
2012/332/12006	TRIENIOS PERSOAL BIBLIOTECAS	236,79
2012/332/12100	COMPLEMENTO DESTINO PERSOAL BIBLIOTECAS	619,47
2012/332/12101	COMPLEMENTO ESPECIFICO PERSOAL BIBLIOTE.	1.118,19
2012/332/130	RETRIBUCIÓNS LABORAIS FIXOS BIBLIOTECA	11.106,92
2012/341/12003	SALARIO BASE C1 DEPORTES	612,94
2012/341/12004	SALARIO BASE C2 DEPORTES	586,24
2012/341/12006	TRIENIOS FUNCIONARIOS DEPORTES	176,05
2012/341/12100	COMPLEMENTO DESTINO FUNCIONARIOS DEPORTES	904,63
2012/341/12101	COMPLEMENTO ESPECIFICO PERSOAL DEPORTES	746,52
2012/341/ 130	RETRIBUCIÓNS LABORAIS FIXOS DEPORTES	2.674,71
2012/342/12005	SALARIO BASE E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	4.146,46
2012/342/12006	TRIENIOS PERSOAL INSTALACIÓNS DEPORTIV.	333,52
2012/342/12100	COMPLEMENTO DESTINO INSTALACIÓNS DEPORT.	2.413,76
2012/342/12101	COMPLEMENTO ESPECIFICO INSTALACIÓNS DEP.	3.864,53
2012/912/11000	RETRIBUCIÓNS PERSOAL DE CONFIANZA	2.964,81
2012/920/12000	SALARIO BASE A1 ADMINISTRACIÓN XERAL	1.507,12
2012/920/12001	SALARIO BASE A2 ADMINISTRACIÓN XERAL	2.786,27
2012/920/12003	SALARIO BASE C1 ADMINISTRACIÓN XERAL	622,30
2012/920/ 12004	SALARIO BASE C2 ADMINISTRACIÓN XERAL	6.283,64
2012/920/12005	SALARIO BASE E ADMINISTRACIÓN XERAL	1.645,41
2012/920/12006	TRIENIOS FUNCIONARIOS ADMINISTRACIÓN XER.	1.857,39
2012/920/12100	COMPLEMENTO DESTINO ADMINISTRACIÓN XER.	9.901,41
2012/ 920/12101	COMPLEMENTO ESPECIFICO ADMINISTRACIÓN XE.	11.193,31
2012/920/130	RETRIBUCIÓNS LABORAIS FIXOS	7.305,17
2012/ 931/12000	SALARIO BASE A1 SERVIZOS ECONÓMICOS	1.334,34
2012/ 931/ 12001	SALARIO BASE A2 SERVIZOS ECONÓMICOS	1.374,71
2012/ 931/12003	SALARIO BASE C1 SERVIZOS ECONÓMICOS	1.227,04
2012/ 931/12004	SALARIO BASE C2 SERVIZOS ECONÓMICOS	1.179,69
2012/931/12006	TRIENIOS FUNCIONARIOS SERVIZOS ECONÓMIC	847,62
2012/ 931/12100	COMPLEMENTO DESTINO PERSOAL SERV. ECON.	4.776,25

2012/ 931/12101 COMPLEMENTO ESPECIFICO PERSOAL SERV. ECO.	5.588,53
Total	235.249,58

Visto o ditame desfavorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 26 de decembro de 2012.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, expón que dende o grupo municipal socialista de Cambre queren amosar a súa oposición a esta proposta que se trae de declaración de non dispoñibilidade de créditos do capítulo un, que o que en principio recolle é a supresión da paga extraordinaria do Nadal a todos os empregados municipais.

Solicitan a retirada da proposta por entender que o criterio do Partido Popular alí onde goberna é cambiante, e explica que en Extremadura, a Junta de Extremadura vaille pagar aos seus funcionarios a paga extra do Nadal. Hoxe pola mañá, o presidente da Xunta de Galicia fixo unhas manifestacións no sentido de que se ía adiantar, ou polo menos ofrecer aos funcionarios autonómicos a posibilidade de adiantar ao mes de xaneiro o cobro do 50% da próxima paga extraordinaria. Tamén lle acaban de comunicar que parece ser que no Concello de Arteixo o alcalde levou unha proposta no sentido de destinar eses fondos que non se van a aboar aos funcionarios, a remanentes de tesourería ou a pagos pendentes. Polo tanto, di que a actitude é moi cambiante dunha administración a outra, e o certo é que este tema aínda está sobre o beirado, e que cada administración está tomando unha postura absolutamente diferente.

Segue dicindo que os efectos negativos que esta proposta de declaración de non dispoñibilidade puidera ter sobre os orzamentos municipais, fai que tomen con moita cautela esta medida, non vaia ser que nalgún momento poidan ser máis papistas que o papa e despois non teña volta atrás. Ademais do prexuízo que se lle causa aos funcionarios que non van percibir a paga extra do Nadal, hai un prexuízo indirecto, aínda que menos importante, que é a imposibilidade, segundo se manifestou, de dispoñer deses fondos para outras necesidades municipais que nestes tempos, como todos saben, son moitas. Di que están falando de detraer dos orzamentos máis de 235.000 euros, isto é o 1,53% do orzamento municipal, que é o efecto que tería esa medida. Entende que non son tempos para facer un recorte orzamentario como o que se propón, e, indirectamente, é ao que lles obriga a declaración de non dispoñibilidade, polo tanto, o seu grupo solicita que o Sr. alcalde retire este punto da orde do día, se non é así, o seu voto vai ser en contra, porque entenden que son máis os prexuízos que se causan con esa medida, que os beneficios que pode traer.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, explica que eles van cambiar o que votaron na comisión, e van votar en contra da medida, porque di que, en principio, e tan pronto se tomou a decisión de non pagar a paga extraordinaria aos funcionarios, eles estiveron totalmente en contra e o seguen estando. Non entenden por que no 2012, tendo unha partida orzamentaria para pagar aos funcionarios, se retira

esa partida, que ademais non se sabe aínda onde se vai meter, vai quedar no limbo e xa se verá que se fai con eses cartos, porque polo que viron onte, non se pode meter no orzamento do 2013, e, polo tanto, queda aí non se sabe para que.

Continúa dicindo que outra cousa é que o goberno lles tivera dito que no 2013 na partida orzamentaria non se metese a partida orzamentaria para pagar aos funcionarios, porque se non hai cartos, non se paga, pero o que non entenden é que se hai previstos eses cartos, agora non se pague, e por enriba eses cartos quedan no limbo, nin se poden utilizar para facer obras, nin para amortizar créditos, nin para nada. Polo tanto, o seu voto tamén vai ser en contra.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, expón que o seu grupo vai votar en contra da proposta para mostrar a súa contrariedade polo Decreto 20/2012 que unha vez máis vai repercutir na clase traballadora o peso da crise. Eles entenden que a supresión da paga aos empregados públicos é un ataque contra eles, é máis, é un abuso de poder, e un abuso á autonomía dos concellos. O seu grupo non asume ese compromiso, aínda que llo queiran impoñer por imperativo legal, porque a base de axustes como ese non se vai superar a crise, a supresión das pagas extras non pode servir para pagarlles as débedas aos bancos e aos que as xeraron. Nese sentido eles non van ser cómplices de aprobar esa medida, e non van contar nin co seu apoio nin co seu voto.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que dende o BNG entenden que este decreto é unha agresión aos traballadores públicos, e di que alí onde goberna o BNG vaise pagar. Botan de menos e repróchanlle ao goberno municipal, que non tomaran ningunha medida para compensar esa perda de poder adquisitivo, que non leven a cabo ningunha medida como está facendo o BNG naqueles sitios onde goberna, con horas extras ou con algún plus de produtividade.

Continúa dicindo que pensan, que ademais de ser unha agresión aos funcionarios, tamén vai ser prexudicial para co comercio e para a hostelería, xa que de todos é sabido que a paga extra é unha paga destinada ao consumo.

Por outra parte, tamén queren comentar que lles chama moitísimo a atención o voto do Sr. Marante Gómez na comisión, que parece ser que vai apoiar esta proposta, chámalles a atención porque el é un traballador, foi un traballador por conta allea, e foi un sindicalista, e cobrou toda a vida a paga extra, e que agora apoie este tipo de medida di que lles chama a atención, se houbera que poñerlle unha banda sonora ao que vai facer o Sr. Marante, sería “La bien pagá”.

Por todo o anterior, conclúe dicindo que, por suposto, van votar en contra.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM, dille á voceira do BNG que non lle veña dando exemplos, nin dando leccións dende o BNG, respecto de quen é o BNG ou que é o Sr. Marante, e repite que non lle veña a dar leccións.

Continúa dicindo que el cobrou as súas pagas e os seus soldos, estivo nos sindicatos, como moita outra xente que estivo neles, e foi cobrando e pelexando polos seus dereitos igual que todos, porque iso que está dicindo ela de que o BNG defende os dereitos dos traballadores, dille que eses dereitos os defenden todos. Tamén lle quere lembrar que el está traballando no concello as mesmas horas que o anterior concelleiro do BNG que estivo no goberno, e cobra a metade do que cobraba ese concelleiro do BNG.

Conclúe dicindo que el vota libremente o que lle parece a el, e que ela vote libremente o que lle pareza a ela, pero que non veña a sacar as cousas fóra do testo, que cada un sabe moi ben o que fai.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto dille ao Sr. Marante que ten que entender que como compañeira que é del, e como sindicalista que foi o Sr. Marante, cunha traxectoria sindical moi boa, chámalle a atención que agora cambie así de terzo. Por outra parte, iso de que todos defenden igual aos traballadores non é verdade, en Cambre vaise aprobar ou apoiar un decreto para o cal noutros sitios están buscando solucións.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle á voceira do BNG que iso non é unha confrontación entre BNG e Partido Galeguista, só é unha votación, e poderán estar de acordo ou non. Di que o goberno municipal, debido ao decreto lei, non ten máis remedio que traer este asunto ao pleno, porque así o esixe o decreto. Eles trouxérono ao pleno e todos son libres para votar si ou non, que el enviará a resolución do pleno a onde teña que enviála como responsable do concello. Pero dilles que non lle pidan que se salte a lei, governe quen governe, sexa do PSOE, do BNG, do PP, ou sexa quen sexa, o alcalde ten que cumprir a lei.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto di que, ademais de que politicamente é un discurso moi populista, porque o partido que está no poder neste momento é o PP, e son os seus, eles, o que botan de menos é que o goberno municipal non levara a cabo algunha medida legal, non ilegal, senón legal, como está facendo o BNG nos concellos onde goberna.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle á Sra. concelleira que cando saíu o decreto de supresión da paga extra, el xa quixo tomar medidas dentro do concello cos seus traballadores, con todos os seus traballadores, pero impediullo a lei, e os traballadores que están no concello o saben, saben que son os prexudicados, polo tanto, pide que non fagan un debate desa cuestión porque o alcalde ten que cumprir a lei, levar a proposta a pleno e votala. Di que se o BNG vota en contra, parécelle moi ben, e que el tamén votaría en contra se non fose o alcalde.

Dona M^a Victoria Amor Prieto di que é moi populista pola súa parte dicir iso, e que o que debería facer...

O Sr. alcalde intervén para dicirlle á voceira do BNG que non lle diga o que ten que facer, que el é o alcalde e que van votar a proposta.

Dona M^a Victoria Amor Prieto manifesta que ela como membro da Corporación pode dar a súa opinión, e que non lle está dicindo a nivel particular o que ten que facer, pero como membro da Corporación estalle dando a opinión do partido que representa.

O Sr. alcalde di que lle parece ben.

Dona M^a Victoria Amor Prieto continúa dicindo que a opinión do partido que representa é que el, como alcalde, si puido facer máis, que ademais do discurso populista, eles puideron dar un plus de produtividade, darlle a opción aos funcionarios de facer horas extra.

O Sr. alcalde preguntalle se ela sabe se iso non se fixo, e pídelle que non faga un debate do asunto. Dille que foi ela quen se meteu co Sr. Marante por outra cousa, e que alí o que teñen é unha proposta enriba da mesa, e el o que lle pide é que voten a proposta, non facer un debate público.

Dona María Victoria Amor Prieto contéstalle que o voto vai ser en contra.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, explica que o goberno municipal trouxo esta proposta a pleno por estrito imperativo legal, porque hai unha norma que lles obriga a facelo. Aprobarase ou non, pero como dixo o Sr. alcalde eles limítanse a cumprir coa lei, e, de feito, hai non moito tempo fíxose unha retención de crédito por eses cartos, precisamente para que non se puidesen destinar a outros fins, porque é exactamente o que esixe a lei.

Continúa dicindo que todo é moi opinable, e que el comparte ou pode compartir ou respectar as opinións que se manifestaron, pero o único que non comparte é o que lles contou a voceira do BNG, porque el cre que sería tan sinxelo como falar cos representantes sindicais do concello para darse conta de que o que acaba de dicir está totalmente afastado da realidade.

Segue dicindo que o que eles faloron ou negociaron cos representantes sindicais, o faloron e negociaron con eles, e se querían contrastar a súa opinión puideron facelo. Di que esa mesma opinión xa a comunicou onte nas comisións, e se hai algún sindicalista que está dicindo que eles non lles ofreceron alternativas e que non intentaron buscar todas as medidas legais que se puidesen adoptar para paliar o asunto, mente, igual que mente ela, porque si que o fixéron. Di que outra cousa é que exista a posibilidade, e non

existe, por iso reitera que eles se limitaron a cumprir co que di a lei. Di que obviamente o Pleno é soberano para votar a favor, en contra ou absterse, e cada un dos concelleiros é libre para votar o que queira, pero evidentemente eles o que farán é cumprir a lei, e cumprila estritamente, pois non se podería esperar menos dun goberno.

Dona M^a Victoria Amor Prieto pídelle ao Sr. alcalde se lle deixe contestar, e di que non vai facer ningún debate, que vai ser moi breve, sinxelamente estanlle dicindo que ela mente, e di que o que xeralmente mente nos plenos de forma reiterada e o Sr. Felipe Andreu.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle á concelleira que non está no uso da palabra. Di que el este tipo de debates non os vai permitir, que aquí o que traen é unha proposta ao pleno, e poden debater a proposta e votar o que queiran, pero ese tipo de debate non o vai permitir.

Dona M^a Victoria Amor Prieto di que é dicir, que non poden falar, que só poden votar e dicir si señor e non señor, e pregúntalle se esta é a súa democracia, a democracia deste concello, non poden falar, non poden debater, di que será o único concello onde non se poda debater.

Toma a palabra o Sr. alcalde e dille que si poden falar, pero que pasaron a insultarse entre concelleiros, e iso é un agravante.

Dona M^a Victoria Amor Prieto di que foi o concelleiro quen a chamou a ela mentireira.

O Sr. alcalde dille que non está no uso da palabra.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que lle gustaría que o Sr. alcalde matizase varias cousas, porque parece que a lei lle obriga a votar dun xeito determinado, nada máis que por ser alcalde.

Primeiro dille que cando fala dos traballadores do concello, son traballadores de todos os veciños de Cambre, non son os seus traballadores. Dixo que votaría en contra se non fose alcalde, que non fixeran un debate deste asunto, pero se non fan un debate nun pleno pregunta onde o van facer, porque precisamente este é o foro onde facer o debate e que cada un exprese as súas opinións libremente.

En canto ao que dixo o Sr. alcalde de cumprir coa lei, non sabe se votar en contra é incumplir a lei, porque eles van votar en contra e cre que non van incumplir a lei, polo tanto, que o Sr. alcalde non diga que por ser alcalde de Cambre ten que votar a favor. O grupo de goberno vai votar a favor porque están de acordo coa medida, o que non se pode dicir é que están en contra da medida e logo votar a favor.

Toma a palabra o Sr. alcalde e preguntalle ao Sr. García Patiño que faría el se fose alcalde, xa sabe que lle vai contestar que el non é o alcalde, pero quere dicirlle que o alcalde está para gobernar e que o votaron os veciños. Preguntalle, entón, que ten que facer, poñerse como dixo o voceiro do PSdeG-PSOE de parte do goberno central ou de parte do presidente da Xunta, que é do mesmo partido e que parece ser que no mes de xaneiro tomara outra medida. Di que cando tomen esas medidas, el saberá que facer. Tamén é certo que el se pode abster na votación, pode votar que non ou pode votar que si, pero segue tendo que cumprir a lei, e levar o acordo ao pleno como lle di o decreto, sexa positivo ou negativo.

Conclúe dicindo que se todos están de acordo en votar que non, pois perfecto, el votará en conciencia o que crea que debe de votar, nada máis.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño dille ao Sr. alcalde que iso é o que tiña que ter dito ao comezo, e non o de que por ser alcalde tiña que votar a prol da proposta. Por outro lado, tamén lle di que non se ten que poñer de lado do goberno central ou da Xunta, senón que se ten que poñer de lado dos que o votaron, dos veciños de Cambre.

O Sr. alcalde responde que xa se pon de lado dos veciños de Cambre.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, e respecto do que dixo o Sr. alcalde sobre incumprir a lei, dille que el vai incumprila, se hai incumprimento el a incumpre, pero trata de ser coherente consigo mesmo, iso é o que vén practicando dende hai moitísimo tempo.

Segue dicindo que el estes días estívose manifestando ao carón dos funcionarios públicos, en contra das medidas regresivas que ten tomado o Partido Popular durante todos estes anos contra as clases traballadoras. No ano 2010 tomáronse medidas regresivas contra os funcionarios, sacáronlles o 5%, no ano 2011 volveron a recortarlles os soldos, sube o IVE, sube o IRPF, pregunta como non van estar en contra desas medidas que tomou o PP. Se neste caso incumpren a lei, el vai incumprila, pero vai seguir sendo coherente consigo mesmo, e coa súa clase, que é á que está representando neste concello

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle ao Sr. Taibo que está no seu dereito, pero pídelles a todos que se poñan no seu caso, na decisión que ten que tomar el, porque non lles vai dicir máis que a súa muller é funcionaria, e o repite, sabe o que está pasando, e el tamén sairía detrás da pancarta, pero ten que cumprir co decreto.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que, como ben dixo o Sr. alcalde, hai medidas diferentes en función de cada administración, e pode ser que dentro duns meses teñan que volver atrás na decisión que se tome hoxe, polo tanto, o adecuado é non tomar esa medida, porque despois non vai ter volta atrás. Pregunta se se

informaron do que fixeron en Extremadura, porque alí percibiron a paga, e como dixo antes, en Arteixo parece ser que vai quedar como remanente de tesourería para cubrir outro tipo de necesidades, por iso di que non vaia ser que se tome agora esta medida e que resulte que dentro duns meses teñan que volver atrás, se é que ten fácil volta atrás, porque xa van estar no ano 2013 e, ao mellor, xa rematou o exercicio orzamentario e teñen que financiar a volta atrás desa decisión con fondos do 2013

Conclúe dicindo que el cre que o máis coherente, tendo en conta esas contradicións que están vendo todos, é que toda a Corporación se sitúe no sentido de non aceptar esta non dispoñibilidade do crédito en canto ás pagas extraordinarias, e cando se aclare, será o momento de tomar decisións.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre di que o que se vai facer en Arteixo é basicamente o que se vai facer en Cambre. A declaración de non dispoñibilidade significa que eses cartos van quedar como remanente de tesourería, cunha particularidade que regula o Real decreto lei, que é que non se poden imputar ao ano que vén, nin se pode utilizar hasta nova orde.

Di que eles o que saben é que a lei que está vixente lles obriga a non utilizar eses cartos, iso é o que saben, e é a lei vixente, as novas leis saberá delas quen faga as leis, eles, evidentemente, limitaranse a cumprir coa lei vixente, que é a que di que eses cartos non se poden utilizar para outra cousa que non sexa corrixir déficit ou remanente de tesourería. Iso é o que se está propoñendo, e a proposta é esa, é tan sinxelo como que eles teñen que cumprir a lei e levar a proposta ao pleno, aprobarase ou non, porque evidentemente o Pleno é soberano para tomar as decisións que desexe tomar, despois eles remitirán isto a quen llo teñan que remitir e farán o que teñan que facer.

Conclúe reiterando que eles se limitan a cumprir a lei, e agora mesmo o que di a lei é iso, e o que vaia dicir a lei dentro de catro meses eles non o poden saber, porque eles non son os que fan as leis.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto pregunta por que non se retira este punto da orde do día. Pídelle ao Sr. alcalde que a deixe acabar, que aínda non comezou e que xa lle está con “señora”, e que o de señora está ben pero en fin... Continúa dicindo que por que non se retira o punto da orde do día e se consensúa algún tipo de incentivo para emendar a perda de poder adquisitivo que van ter os funcionarios, e despois, ao mellor si poden estar todos a prol de que se vote a proposta, ser todos moi legais, e que esa partida orzamentaria se quede aí.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que el ten ao seu carón á interventora, que é unha habilitada nacional, e el non sabe o que fan en Extremadura nin como resolverán pagar ou non pagar, pero non lle importa. Si sabe o que fixo o alcalde de Arteixo, porque falou con el dese asunto, xa que é compañeiro de partido, e os cartos van quedar como remanente de tesourería, pero se queren pídelle á Sra. interventora que lles diga o

que pon o decreto. Teñen que ter un acordo e non poden deixalo nin para mañá nin para pasado mañá, por iso ten que levar a proposta a pleno, se a votan en contra, vai votada en contra, eles remitirán o que votou o pleno, e pide que non lle dean máis voltas ao asunto.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP e don Manuel Marante Gómez, concelleiro integrante do GM, votan en contra os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, o concelleiro presente de EU e os dous concelleiros do BNG, e abstense don José Antonio Baamonde López, concelleiro integrante do GM.

A Corporación, por once votos en contra, rexeitou a proposta presentada.

4º Proposta de aprobación do expediente núm. 2/2012 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2012

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo de data 20 de decembro de 2012.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 26 de decembro de 2012.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, expón que o seu grupo vaise abster.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, di que neste recoñecemento existen catro pagos que supoñen o 99,5% do total da obriga, fundamentalmente baseados na limpeza do colexio do Graxal, e na subministración enerxética, que onte explicou o Sr. Marante Gómez nas comisións, da rúa Cruceiro. Di que o seu grupo xa comentou que agardan que en breve se solucione o tema da contratación da limpeza do colexio do Graxal, e os problemas que se repiten nos últimos tempos no sistema enerxético do concello, sobre todo na iluminación pública. Espera que coa auditoría de eficiencia enerxética que se fixo, sexan capaces de corrixir esas deficiencias, e sobre todo, as incidencias no tema da subministración.

Por outra parte, tamén son conscientes de que hai unha serie de empresas que fixeron o seu traballo e así o xustifican as facturas presentadas, polo que realmente teñen dereito a cobrar, por que fixeron o traballo, nese sentido, o seu voto vai ser abstención.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP e don Manuel Marante Gómez, concelleiro integrante do GM, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, o concelleiro presente de EU, os dous concelleiros do BNG e don José Antonio Baamonde López, concelleiro integrante do GM.

A Corporación, por sete votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar o expediente núm. 2/2012 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2012 por importe de 105.726,02 euros, correspondente ás seguintes facturas:

Núm. factura	Data	NIF	Nome / Denominación social	Importe
Concepto				
03110510089790	12/05/2011	B82207275	UNION FENOSA COMERCIAL, S.L.	21.760,66
Subministración enerxía eléctrica rúa Cruceiro de 28/11/10 a 01/05/2011				
19009	30/06/2011	B15025661	INSTELEC, S.L.	184,08
Montaxe instalación eléctrica sardiñada San Xoan 23/06/2011 (AMAS DE CASA DE CAMBRE)				
316/12	21/05/2012	B15704109	LIMPEZAS E SERVICIOS XALO, S.L.	30.155,17
Limpeza colexio O Graxal II: de xaneiro a decembro 2010				
318/12	21/05/2012	B15704109	LIMPEZAS E SERVICIOS XALO, S.L.	30.155,17
Limpeza colexio O Graxal II: de xaneiro a decembro 2011				
19197	28/11/2011	B15025661	INSTELEC, S.L.	169,92
Instalación tomas corrente en Parque da Igrexa				
19198	28/11/2011	B15025661	INSTELEC, S.L.	169,92
Instalación bombillas e tomas corrente festas de Andeiro				
19199	28/11/2011	B15025661	INSTELEC, S.L.	28,32
Traballos de conexión manguera en saída de térmico en local A Xuventude de Cecebre para obra de teatro				
12034341	11/07/2012	R5000274J	EDITORIAL LUIS VIVES	162,66
Subministración libros bibliotecas municipais				
12034342	11/07/2012	R5000274J	EDITORIAL LUIS VIVES	134,98
Subministración libros bibliotecas municipais				
10334	30/11/2012	B15009533	FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L.	22.805,14
8ª certificación e liquidación da obra “mellora da rede viaria do Concello de Cambre”				
Total				105.726,02

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas correspondentes a cada un dos acreedores relacionados anteriormente.

5º Aprobación do plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013

Vista a proposta do concelleiro delegado de Obras e Servizos de data 20 de decembro de 2012.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Obras, Servizos e Urbanismo de data 26 de decembro de 2012.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM, explica que dentro das obras propostas se inclúe o asfaltado de varios camiños en Fabás, A Rocha,

Longueiral, Piñeiro, Muíño Vello, Vigo, Nebrixo, Gosende, Seoane, Meixigo e Bandebó. O asfaltado deses camiños ascende a un orzamento a 227.834,30 euros. Por outra parte, en temas de eficiencia enerxética vanse investir 115.190,80 euros, e no POS complementario van resolver temas de abastecemento de auga na Pega e máis en San Lourenzo, o saneamento de pluviais no polígono industrial do Temple, posto que carece del, e reparar as beirarrúas, cun orzamento de 165.401,63 euros.

Explica que na proposta que se achegou había un erro na enumeración dos camiños, posto que no camiño de Meixigo poñía unha superficie total de 631,40 e son 2.697,50 metros cadrados. Conclúe dicindo que, máis ou menos, isto é o que se vai facer co POS 2013.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, expón que dende o grupo municipal socialista queren adiantar que o seu voto vai ser a abstención. Explica que lles parece un investimento importante para os veciños de Cambre, auspiciado neste caso pola Deputación, e como ben dixo o concelleiro agora mesmo, vanse gastar 227.000 euros no tema dos camiños e 115.000 no aforro enerxético, o que supón 343.000 euros, máis 49.000 euros para gasto corrente do concello, e un POS adicional de 165.000 euros para o tema de redes de abastecemento e de saneamento.

Continúa dicindo que ao seu grupo unha das cousas que lles preocupa é o tema da elección dos proxectos a escoller, xa que no informe asinado polo concelleiro dise que tiveron en conta varios factores, como as demandas veciñais, as propostas realizadas polos grupos municipais nos últimos tempos e os informes do persoal técnico municipal. Eles poden estar de acordo co primeiro e terceiro punto, pero non co segundo punto, xa que botan en falta a transparencia que sería ter unha reunión, sobre todo cando se trata dun investimento de case 600.000 euros para o concello, botan en falta que por parte do equipo de goberno non se teñan sentado en tempo e forma para decidir os investimentos entre todos os grupos representados na Corporación, e non telo presentalo a toro pasado.

Segue dicindo que claro que están de acordo en que os veciños de Cambre gocen desas melloras, como todos os que están presentes, pero para eles é importante que a decisión sexa consensuada, non poñelo nunha liña nun papel cando non é así.

En canto ao tema do aforro enerxético si que cren que é importante, ademais fíxose unha auditoría, como dixo o concelleiro noutro pleno, que recomenda a instalación desas medidas. Entenden que o que se fixo hai un ano e pico de comezar a apagar os farois indiscriminadamente coa idea de aforrar, agora mesmo ao mellor hai que reorganizar todo, precisamente a raíz de facer ese investimento para a mellora da eficiencia enerxética mediante a implantación de redutores estabilizadores de tensión, interruptores astronómicos e luminarias anticontaminantes lumínicas na iluminación exterior do Concello de Cambre. Polo tanto, eles pensan que teríase que ter feito ao

revés, primeiro facer a auditoría, que era o que reclamaban os veciños, ver en que se podía aforrar na iluminación pública, e despois acometer o resto que se vai facer, e non a toro pasado despois de ter apagado as luces indiscriminadamente, cre que nalgúns casos con reclamacións dos veciños, acertada ou desacertadamente.

Conclúe dicindo que, aínda así, o seu voto vai ser abstención.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez expón que o do apagado indiscriminado non é certo, apagouse poñendo unhas normas, iso xa o explicou no pleno e cre que, máis ou menos, estaban todos de acordo, o que se fixo foi dar preferencia en cruzamentos, pasos de peóns, e outros puntos delicados, e a partir de aí, nalgúns zonas, dependendo da separación que tiveran os puntos de luz, ir apagando un si e outro non, un si e dous non, etc., é dicir, en función da separación que tiveran. Queixas de veciños puido haber algunha, de feito houbo algunha moi específica nalgunha zona que, polo que fose, quedou moi escura, ben porque estiveran moi separados os puntos de luz ou por algún outro tema, pero o que se fixo foi acender os puntos de luz onde se xeraron esas reclamacións, e non pasou máis nada. Polo tanto, o apagado non foi indiscriminado, e cre que foi, e aínda é, un aforro importante, de feito o estudo que se fixo recentemente coa auditoría recolle todos eses temas do apagado dos puntos de luz, que non son indiscriminados, porque onde se apagan queda claridade para poder circular ou andar a pé sen problema ningún, aínda que non igual que cando están todas acendidas, loxicamente.

Continúa dicindo que nos camiños tívose en conta a todos os grupos da Corporación. Durante os últimos plenos foron mencionando os camiños que había que arranxar, e esas son as cousas que se foron recollendo, concretamente para camiños tiñan orzado preto de 600.000 euros, e tiveron que rebaixar ata axustalos ao orzamento que teñen. Os camiños que meteron no orzamento son os que consideraron que estaban en peor estado, unha vez visitados todos, elixiron os peores e eliminaron os outros, porque hai cartos ata onde hai, oxalá tiveran cartos para arranxalos todos, a eles encantárialles, pero non os hai.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, di que el non dubida das obras propostas, non dubida de que obedecen a unha serie de necesidades, e incluso como recolle o informe, e xa se comentou, a unha serie de peticións feitas polos grupos, concretamente eles no mes de setembro pasado preguntaron e solicitaron a reparación de camiños do concello. O que si botan en falta, e niso coincide co grupo socialista, porque ademais xa o teñen manifestado así o ano pasado, é a falta de diálogo que debe ter o equipo de goberno co resto da Corporación.

El cre que nestes casos, nos que non están en contra porque é certo que hai unhas necesidades, ao mellor habería que establecer unha serie de preferencias sobre o que se vai facer. É o que di sempre, que hai falta de diálogo, porque ao mellor efectivamente teñen que ir eses camiños, pero ao mellor tiñan que sacar algún e meter outro que o

resto de voceiros considerasen máis necesario, por iso insiste no mesmo do ano pasado, cre que se deben sentar entre todos, sobre todo tendo en conta que eles están en minoría, que deberían ter o detalle de falar coa oposición deses temas.

Por outra parte, o que si lles gustaría é contar con ese informe da auditoría enerxética que se fixo, para ter sobre todo un maior coñecemento de como está o tema e actuar en consecuencia, cre que se lles debería facilitar, polo menos o seu grupo solicita que se lles dea unha copia do resultado da auditoría de eficiencia enerxética que se fixo no concello. Conclúe dicindo que o seu voto vai ser abstención.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que o voto do seu grupo vai ser abstención.

Continúa dicindo que comparten en parte o que dixeron outros grupos da oposición sobre a elección de proxectos, cre que é unha problemática recorrente cando non hai vontade de diálogo por parte do equipo de goberno, non só cos grupos da oposición, que loxicamente representan tamén á cidadanía, neste caso de xeito maioritario, senón tampouco con axentes sociais que poidan estar implicados ou interesados nas obras que se poidan acometer.

Segue dicindo que dende o BNG manteñen unha postura crítica co POS, porque entenden que é un mecanismo caciquil, total e absolutamente, é dicir, por un lado se reparten dádivas dende a Deputación dun xeito un tanto alegre, fuxindo dunha planificación centralizada e pautada que sería moito máis lóxica, e eses cartos rematan, por así dicilo, no boche da concellería correspondente, que escolle despois libremente os proxectos que considera, e loxicamente, como alí dixo algún dos seus compañeiros da oposición, eles non están en contra de ningunha das obras, de ningunha das accións formuladas, pero o que si din, como unha reflexión, é que se están realmente nun tempo de crise, e dunha crise realmente acuciante, sempre é bo priorizar elementos que teñen un condicionante social máis importante, como pode ser, e así o recollen efectivamente as obras, a cuestión básica de que a auga chegue coa debida presión ás casas, en vez de tanto cemento.

Logo tamén di que hai que calibrar que igual algún dos asfaltados que se pretenden facer ou que se van realizar en zonas que actualmente non están asfaltadas, van facilitar un crecemento urbanístico un tanto peculiar, pois entenden que non é a prioridade neste sentido asfaltar pistas que non teñen neste momento nin tránsito nin apenas vivendas, e por iso o sentido do seu voto vai ser a abstención. Non dubidan do traballo dos técnicos municipais que loxicamente tentarán de estender ata o infinito e máis alá ata o último gramo de zorra, e chegar ao maior número de parroquias posibles, pero si botan en falta da parte política do concello un maior diálogo, que ademais non tería suposto maiores confrontacións, nin moito menos.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que el tamén coincide cos compañeiros da oposición en que é certo que existe unha falta de diálogo moi grande, non só neste tema, senón en moitos outros temas que despois teñen que ir á aprobación do Pleno, e que non son aprobados precisamente por esa falta de diálogo. Pide que se recapacite, que xa se falou na última xunta de voceiros, e que para anos sucesivos se teña en conta tamén a opinión da oposición.

De todos os xeitos, el vai votar a prol da proposta, porque entende que son obras que son necesarias para os veciños de Cambre, e dado que el considera que están na Corporación representando a eses veciños de Cambre, teñen que votar a prol do que é favorable para eles.

Continúa dicindo que el non está de acordo, e pide que lle permita o concelleiro do BNG que o corrixa, en que sexan subvencións caciquís, e di iso porque el foi deputado provincial na anterior lexislatura e aprobou moitos POS para moitos concellos. El cre que son unha liña de subvencións que están moi ben para axudar aos concellos, igual que outras liñas de subvencións de diferentes administracións, é máis, moitas das propostas que se votaban a prol viñan do BNG, que estaba gobernando na Deputación na lexislatura pasada.

Conclúe dicindo que está de acordo e que é verdade que existe falta de diálogo, pero que discrepa de que sexan subvencións caciquís, son unhas subvencións como outras calquera, cunha transferencia, uns informes xurídicos e técnicos.

Toma a palabra o Sr. alcalde e agradece ao Sr. Baamonde as súas palabras, porque non entende como o Sr. Carballada di que son dádivas da Deputación, cando o BNG ten deputados na Deputación e votaron todos a prol do POS, aprobouse o POS por unanimidade do PSOE, PP e BNG, sen ningunha puntilla e sen ningunha dádiva, por iso non entende que lle parezan caciquís as decisións do POS, unha subvención que axuda aos concellos a arranxar camiños, estradas, problemas de sinalización, etc., non entende o discurso.

Continúa dicindo que con estar de acordo en que ao mellor hai que ter máis diálogo, non o vai discutir porque está totalmente de acordo, di que o diálogo sempre é entre dous, e ao mellor hai un que quere falar e outros que non queren falar, e que lle permitan que así o manifeste. Dito isto, non está de acordo para nada en que sexan dádivas da Deputación, que sexan caciquís, porque é o xeito de que moitos concellos poidan facer obras, obras que doutro xeito non poderían facer.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez di que non sabe que dicir, pide que lle pregunten aos veciños de Brexo-Lema, no Piñeiro, que pasan todos os días por esa estrada como está, que lles pregunten se isto é unha cacicada, se é unha cacicada arranxarlles a estrada. Dicir que asfaltar camiños que non van a unha casa ou que non están preto das casas vai provocar un problema urbanístico, non o entende, porque o que

se asfalta son camiños por onde pasan os veciños, non só cando pasan por diante dunha casa, é por onde circulan os veciños.

Segue dicindo que lle queren buscar os tres pés ao gato. Que lle digan que puido falar con todos eles antes, para poñerse de acordo en meter eses camiños e non outros, niso está de acordo, efectivamente é a súa culpa por non facelo, pero non poden dicir que se arranxan os camiños con criterios caciquís, porque todos os camiños que se queran asfaltar van no proxecto, todos se asfaltan dende o principio ata o final, onde estean mal.

Continúa explicando que nunha estrada que pasa preto da casa do Sr. Carballada, un pouco máis adiante, o anterior concelleiro que estivo en obras e servizos, e que era do BNG, asfaltou como trinta ou corenta metros por un lado dun camiño, máis trinta ou corenta metros polo outro, e o demais quedou sen asfaltar, agora os veciños andan reclamando que se lles asfalte, porque a ver como pasan por alí. Di que hai casas, pero normalmente non hai máis que as deses veciños, asfaltáronlles as entradas, e debe de ser para que os que pasan polas outras estradas, que si teñen bastante circulación, pensen que lles asfaltou o camiño completo. E repite que os camiños que se van a asfaltar agora, vanse a asfaltar completos, non van enganar a ninguén.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez expón que quere falar e lembrar, que el falou dun posicionamento xenérico. O BNG, como calquera forza política, pode moitas veces estar a prol ou en contra, votar por exemplo no Parlamento español a favor dos orzamentos xerais do Estado, e iso non é óbice para que o BNG estea en contra do Estado español tal e como está conformado a día de hoxe. Polo tanto, o BNG ten un posicionamento extremadamente crítico coa Deputación provincial e coa súa conformación, e con moitas das medidas que alí se toman, pero loxicamente, unha vez que existe un xogo de maiorías e minorías e se toman determinadas medidas, pois eles miran polos intereses da xente a que tentan, dun ou doutro xeito, acertada ou desacertadamente defender, e eles entenden dende o BNG, con independencia de que por suposto esas partidas teñan que saír adiante, que este non é o xeito, e que non son por iso seres asilvestrados.

Continúa dicindo que alguén tan pouco sospeitoso de nacionalista e radical como Augusto César Lendoiro tamén o entendía en grande medida, por iso no seu partido lle cortaron a cabeza, entre outras cousas.

Intervén o Sr. alcalde para dicirlle que está facendo citas a personaxes que non ten por que facer.

Don Daniel Carballada Rodríguez di que aquí todo o mundo pode falar menos o BNG, e que non é un personaxe, senón que foi presidente da Deputación provincial, está falando dunha persoa pública.

O Sr. alcalde dille que está ben, que de acordo, pero que non ten porque citalo.

O concelleiro do BNG di que, entón, a próxima vez antes do pleno, que lle pasen unha lista das cousas que poden ou non poden dicir, e das personaxes que poden ou non poden citar.

O Sr. alcalde dille que pode falar o que queira, pero que a el o que lle parece estraño é que a súa delegada na Deputación, dona Silvia Seixas, vote a prol do POS e non lle pareza caciquil, e que a don Daniel Carballada si llo pareza, preguntalle se non é compañeira súa.

Don Daniel Carballada Rodríguez contesta que claro que si, pero que a el todo isto parécelle profundamente caciquil, e loxicamente van votar abstención, como noutro caso poderían ter votado prol.

Para rematar, di que eles non dubidan en ningún momento de que haxa reclamacións veciñais que sustenten a acometida desas obras. No caso de Meixigo, e o comenta porque sacou o tema o concelleiro Sr. Marante, porque se non el non o tería sacado, quere facer unha puntualización, o anterior concelleiro de Obras e Servizos non está no BNG, estivo no BNG, e igual non está no BNG por cousas como as que o Sr. concelleiro acaba de mencionar. Postos a falar vai dicir unha cousa, porque estalle a falar dos asfaltados en Meixigo, e pode dicirlles que cada vez que se asfaltaba Meixigo remataba o asfaltado diante da súa casa, a súa casa non se asfaltaba, polo tanto, di que vir ao pleno é ter que aguantar determinadas insinuacións de connivencia con ese señor, pois non, para nada.

Por outra parte, o asfaltado do camiño de Bandebó é unha chapuza, porque non ten razón de ser coa carga poboacional que ten a día de hoxe, (*pronuncia palabra malsoante*), é algo que é así, e non hai absolutamente ningún problema de tránsito por alí.

O Sr. alcalde dille ao concelleiro do BNG que lle retira o uso da palabra, porque non vai permitir bocaladas, nin faltas de respecto.

Don Daniel Carballada Rodríguez pide desculpas pola expresión utilizada, e di que está de acordo co Sr. alcalde, tan de acordo está con el que celebraría que algún día llo fixese tamén ao Sr. Felipe Andreu Barallobre cando chama mentireira á súa compañeira.

Toma a palabra o Sr. alcalde que lle pide ao Sr. Carballada que deixe o asunto, e lémbrale que non está no uso da palabra.

Ante as palabras a micrófono pechado do Sr. Marante, o Sr. alcalde manifesta que cre que xa está ben e concédelle a palabra ao concelleiro do PSdeG-PSOE.

Don José Manuel Lemos Seoane, despois de escoitar as intervencións e coincidindo co resto dos grupos municipais en canto á referencia que fixo o seu grupo respecto de que botaban en falta o diálogo, cousa que recoñeceu o propio alcalde así como o concelleiro que asina a proposta, di que lle sorprende e que lle gustaría que o Sr. alcalde aclarase o que dixo sobre que o diálogo é cousa de dúas persoas, como deixando no aire que el invitara aos outros grupos e que estes foron os que non quixeron participar nese diálogo.

Toma a palabra o Sr. alcalde e pídelle que non faga esas interpretacións das súas palabras, porque non teñen mal sentido. Di que el segue dicindo que para que haxa diálogo ten que haber persoas que se entendan, e punto, e que o deixa aí. É verdade, xa recoñeceron que posiblemente tivera que haber máis diálogo por parte do señor concelleiro, xa recoñeceron o erro, pero ata aí, porque o que non vai permitir e que se fagan aseveracións como fixo o Sr. Daniel Carballada, que diga bocaladas, etc., porque os veciños van ao pleno, non a escoitar mítines políticos, senón a aprobar as cousas e punto.

Conclúe dicindo que a el chámalle fascista e chámalle de todo, pero non está disposto a seguir consentido que os plenos se desenvolvan en Cambre así. El o único que di é que hai que ser consecuentes, e que o dixo antes e o volve dicir agora, hai que ser consecuentes co que se di, un grupo político non pode falar de obras caciquís e non lembra que outra palabra utilizou para denominar á obra, cando na propia Deputación votan a favor e agradecen que os concellos gobernados polo mesmo partido político lles dean esa dádiva, como dixo antes, porque senón, os concellos onde goberna o BNG non poderían facer ningunha obra. Di que iso é o exasperante, e volve dicir que recoñece que van ter máis diálogo, que non se preocupen, que non queda nada estraño no aire, que non se imaxinen cousas estrañas.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP e os dous concelleiros do GM, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, o concelleiro presente de EU e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por oito votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2013, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
----------------------	------------	----------	------------------

Renovación de firme nas parroquias de Santa María de Vigo, Pravio e outras, Cambre 2012	215.834,30 €	12.000,00 €	227.834,30 €
Aforro e mellora da eficiencia enerxética mediante a implantación de redutores estabilizadores de tensión, interruptores astronómicos e luminarias anticontaminantes lúminicas nas iluminacións exteriores do Concello de Cambre	109.190,80 €	6.000,00 €	115.190,80 €
SUBTOTAL OBRAS	325.025,10€	18.000,00€	343.025,10€

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2013 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	49.067,72 €
---	-------------

C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS	325.025,10 €	18.000,00 €	343.025,10€
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	49.067,72 €	0,00 €	49.067,72 €
TOTAL	374.092,82€	18.000,00€	392.092,82€

Segundo: Aprobar o Plan complementario do ano 2013 no que se inclúe a obra que a continuación se indica e aprobar o correspondente proxecto:

Denominación da obra	Presuposto
Nova rede de pluviais no polígono industrial do Temple, e redes de abastecemento na Pega (Cambre) e Apartada (San Lourenzo), Cambre 2012	165.401,63 €
TOTAIS	165.401,63 €

Terceiro: Declarar que o concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Cuarto: Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2013 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2013.

Quinto: Solicitar á Excm. Deputación provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

Sexto: Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento.

Sétimo: Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Oitavo: Facultar expresamente ao Sr. alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

6º Mocións ou propostas urxentes

A continuación, o Sr. alcalde manifesta que hai unha moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, antes de votar a declaración de urxencia, solicita que se xustifique a dita urxencia.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, explica que dende o punto de vista do grupo municipal socialista, a actual conxuntura económica e social esixe esta medida urxente, pois hai unha deterioración progresiva da calidade de vida dos veciños do concello, non hai máis que coller datos como as dúas mil persoas en paro no concello, e segue dicindo que non sabe se iso lle parece bastante causa ao goberno.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, o concelleiro presente de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezaoito votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

A) Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE respecto da revisión, actualización e adaptación da Ordenanza reguladora das medidas de apoio á

inserción socio-familiar de persoas que participen no programa de intervención familiar, normativa municipal destinada a contemplar e regular as novas situacións de emerxencia social

Rexistrada de entrada ao núm. 17374 o día 21 de decembro de 2012. Consta do seguinte teor literal:

“A Constitución Española, en diferentes puntos do seu articulado, dispón a protección integral da familia nas súas diferentes manifestacións e formas de organización, garantindo a súa protección social, económica e xurídica. Así mesmo, a Carta Magna, manda aos poderes públicos, promover as condicións favorables para o progreso social e económico das familias, ou no seu defecto, darlles amparo, proporcionándolles especial apoio e protección.

Por outra banda, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe aos concellos a competencia para a creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, colaborando na xestión das prestacións económicas nos termos que regulamentariamente se establezan.

Este marco normativo complementábase coa Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia en Galicia, onde se reconece a competencia dos concellos en materia de protección ás familias a través, entre outros, da provisión directa de servizos e prestacións destinadas ás familias que atravesen por situacións de precariedade.

Os novos colectivos obxecto ou en risco de exclusión social, o desmantelamento do actual estado de benestar que están a sufrir os cidadáns, que ven conculcados moitos dereitos e conquistas sociais; as dificultades de acceso e mantemento da vivenda, situacións de desemprego e precariedade laboral e económica de moitas familias do noso concello..., en definitiva, un marco xeneralizado de empobrecemento social, son feitos que afectan negativa e significativamente ás familias, provocando unha maior vulnerabilidade ante determinadas situacións carenciais. Baste como exemplo desta situación o de unha familia tipo: un matrimonio sen traballo con dous fillos en idade escolar, que esgotaron a prestación por desemprego e perciben, cada un, un subsidio de 426€/mes e pagan, ao mes, 300€ de aluguer ou hipoteca. Coa actual ordenanza en vigor, esta familia non ten, con carácter xeral e atendendo aos requisitos, acceso a axudas de emerxencia social no Concello de Cambre.

A profunda transformación que está a sufrir a sociedade por mor da actual conxuntura económica e social, provoca un escenario de deterioración progresiva da calidade de vida, compatible coa dignidade, á que toda persoa ten dereito, debería esixirnos, á administración local, a máis próxima aos cidadáns, dar unha resposta contundente, máis áxil, rápida e eficaz na resolución das demandas e necesidades dos nosos veciños.

Dende a perspectiva desta nova realidade, o contido e contía das axudas, os requisitos de acceso, documentación e incluso, e sobre todo, o enfoque, a tramitación e a forma de xestionalos están en cuestión, precisando dunha revisión e actualización, de cambios e transformacións que permitan poñer especial énfase na axilidade dos procedementos, xa que unha parte importante da eficacia nas percepcións ou axudas, reside na súa inmediatez.

Por todo o anterior, o grupo municipal dos socialistas de Cambre, presenta ao Pleno a seguinte proposta de ACORDOS:

Primeiro: Instar ao Sr. alcalde de Cambre a que, na súa condición de máximo responsable do goberno municipal, adopte as medidas oportunas co fin de poñer en marcha, coa maior celeridade posible, unha revisión, actualización e adaptación da Ordenanza reguladora das medidas de apoio á inserción socio-familiar de persoas que participen o programa de intervención familiar que contemple, regule e busque paliar as novas situacións de emerxencia social que se están a producir no noso concello elevando, coa urxencia que a situación require, a dita normativa ao Pleno desta Corporación para a súa aprobación.

Segundo: Que os orzamentos para o ano 2013, en proceso de elaboración, contemplen as partidas económicas axeitadas e suficientes para atender ás familias que atravesen por situacións carenciais, urxencias sociais ou situacións de risco, exclusión ou marxinação social, esixindo para o caso a implicación económica das diferentes administracións con competencias nesta materia.”

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, manifesta que dende a concellería de Servizos Sociais son conscientes e viven esta realidade de primeira man, a realidade da crise económica, por iso están totalmente de acordo cos acordos que se propoñen, é máis, a nova ordenanza xa a teñen redactada dende o mes de febreiro, están pendentes do informe da secretaria, que é o único que falta, en canto teñan ese informe preparado farállelo chegar a todos os grupos municipais para que poidan propoñer o que queiran.

Respecto dos orzamentos di que están practicamente rematados e tamén llelos fará chegar, e poderán ver que as subidas van ser importantes en asuntos sociais.

Segue dicindo que sobre a exposición de motivos hai cousas que non comparte, e que non son totalmente certas, por exemplo, a familia con dous membros cobrando 426 euros, con dous fillos e pagando un aluguer de 300 euros, si entraría dentro da ordenanza do concello, aínda que reconece que esa ordenanza ten un IPREM moi baixo, cousa na que si está de acordo. Tamén di que a dita ordenanza é moi similar ás ordenanzas da área metropolitana, non obstante, está redactada unha nova e están pendentes dos informes, en canto os teña farállelos chegar por se teñen algunha suxestión.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que ademais de suxestións eles tamén queren facer achegas. Celebra que o goberno estea con ese tema, pero dende febreiro el cre que a conxuntura cambiou significativamente. Por outra parte, o feito de que as ordenanzas sexan parecidas ás doutros concellos da área metropolitana non é verdade, comezando polo IPREM, porque se aplican taxativamente o IPREM non sae a conta. De todos os xeitos non van entrar en disquisicións de números, pero si que é verdade que o que están facendo noutros concellos dista moito do que se está a facer en Cambre. Explica que en Culleredo incrementaron a partida de emerxencia social a 115.000 euros, que é o dobre do que se aplica en Cambre, en Arteixo vai pasar de 110.000 no 2012 a 180.000 no 2013, e A Coruña case duplicou progresivamente en 2012 a partida de emerxencia social. Pola contra en Cambre estanse a permitir o luxo de ter un 20% sen destinar a emerxencia social, 9.700 euros de 57.000 euros, pregunta se é verdade o que está a dicir.

Dona M^a Jesús González Roel contesta que si, que é verdade, pero explica que tamén faltan facturas pendentes por chegar. Explica que ela informou do saldo que había a día de onte, que era de 9.800 euros, con algunhas facturas que están pendentes de chegar, e coa diferenza de que en Cambre, o banco de alimentos ou despensa municipal, como se queira chamar, está dando unha axuda a calquera persoa do municipio, aínda que non cumpra os requisitos de asuntos sociais. Agora mesmo, con vales de comida e xoguetes, axudouse a calquera familia que requiriu o servizo.

Don Jesús Bao Bouzas di que entende que seguindo outros criterios diferentes dos que recolle a ordenanza.

Dona María Jesús González Roel responde que si.

Don Jesús Bao Bouzas considera iso certamente perigoso.

Dona M^a Jesús González Roel dille que non é perigoso porque son vales que entregaron veciños de Cambre para os veciños de Cambre que o necesitan nestes momentos, aínda que non entren dentro dos supostos de aplicación da ordenanza, que como xa recoñeceu ao comezo, está obsoleta.

Don Jesús Bao Bouzas celebra que comparta con eles esa opinión, o que si lle pide é que antes de traer a ordenanza a pleno, a someta e a consensúe co resto de grupos políticos, porque eles queren facer achegas a dita ordenanza.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, expón que o seu grupo vai apoiar a moción, pero di que cando se fala destes temas tan tremendamente delicados, teñen que ter moito coidado, porque ás veces fálase de axudas que dan os veciños para os veciños de Cambre como se fose unha esmola, e di que el quere

interpretalo como solidariedade, non hai que caer no tema das esmolos, porque iso pode degradar un pouco o sentido desa achega que lle parece estupenda.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, o concelleiro presente de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, agradece ao resto de forzas políticas, aínda que non interviñeran, que apoiaran a moción, agradecelles o seu compromiso e a súa sensibilidade para con este tema.

A continuación, o Sr. alcalde manifesta que hai unha moción presentada polo grupo municipal de UxC e, antes de votar a declaración de urxencia, solicita que se xustifique a dita urxencia.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que considera que está máis que xustificada a urxencia do asunto, xa que é unha parte da moción que se trouxo ao pleno do mes de novembro e que se deixou sobre a mesa intentando chegar a algún tipo de acordo político que non houbo a posteriori, de aí a urxencia de traela ao mes de decembro.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de UxC. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, o concelleiro presente de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezaoto votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

B) Moción do grupo municipal de UxC relativa a que se proceda a resolver inmediatamente a modificación puntual do Plan parcial Espírito Santo – Cecebre

Rexistrada de entrada ao núm. 17408 o día 22 de decembro de 2012. Consta do seguinte teor literal:

“No pleno de novembro presentouse unha “moción” proponendo que se deixara sen efecto o tramitado no expediente de modificación puntual do Plan parcial do polígono do Espírito Santo.

Esta moción deixouse sen acordo a proposta do grupo de goberno.

Posteriormente mantívose unha reunión de voceiros de todos os grupos, onde se nos indicou que formulásemos unha alegación ao documento en período de exposición ao público.

O grupo municipal de Unión x Cambre presentou a dita alegación o día 17 de decembro, na cal solicitamos que se anulen os trámites que se teñen levado a cabo.

Neste pleno volvemos poñer enriba da mesa, o solicitado no anterior pleno para que se delibere e vote a moción presentada, xa que entendemos que pola súa importancia é necesario un debate político.

Non é a nosa intención tratar os termos técnicos e xurídicos na tramitación do expediente, iso xa se fixo no lugar que procede que é a alegación.

Si o demandar obxectividade, eficacia e transparencia cos intereses públicos. Que deben ser os de todos.

Esta demanda ven obrigada pola falta de responsabilidade política por parte do goberno municipal con que se tramitou a modificación do Plan parcial do Espírito Santo.

Para xustificar a nos demanda debemos expoñer as seguintes consideracións:

Primeira: o documento non contén as garantías mínimas esixibles para que se iniciase a súa tramitación.

- Non se acredita o acordo entre os propietarios que representen o 50% da propiedade.

Se non está completa a documentación por que se lle deu trámite?

Segunda: a tramitación dun expediente de planeamento que afecte a dous municipios (Cambre e Sada), correspóndelle ao consellerio con competencias en Urbanismo, non ao alcalde de Cambre.

Cales son as razóns que fan que un alcalde se atribúa e faga uso dunhas competencias que corresponden a un conselleiro da Xunta?

Terceira: o documento non xustifica suficientemente as razóns polas que ten que entenderse como interese público.

- No documento non hai ningún estudo minimamente solvente que acredite a necesidade de emprender a aventura de dividir as naves en pezas de 300 m², e faga entender a

modificación como “interese público”. Pero por se iso non fose suficiente o Concello de Sada o 9 de xuño do 2011 declara a modificación como “contraria ao interese público”.

Se todos os datos nos levan a que a solicitude non ten o “interese público” desexado e tampouco se conseguen as sinaturas necesarias dos propietarios do ámbito, por que se tramitou?

A quen beneficia en realidade esta modificación e por que se tramitou?

A forma en que se tramitou este expediente deixa demasiadas preguntas sen resposta, o que resulta preocupante:

Sr. alcalde:

Preocúpanos que o persoal deste concello dedique o tempo, que pagamos todos, a causas de dubidoso interese público e que non son de competencia municipal.

Preocúpanos que non se amose o mesmo entusiasmo cando se trata de sacar adiante a redacción do Plan xeral que si é de indiscutible interese público e de competencia municipal.

Preocúpanos porque Cambre non pode permitirse estes luxos. Se non chega ao final da crise co plan aprobado non poderá competir en igualdade de condicións na área metropolitana e isto vai supoñer outros dez anos de atraso.

Preocúpanos porque do visto na última reunión de Urbanismo o plan vai fóra de prazos de entrega mentres os funcionarios dedícanse a tramitar planeamento que non corresponde ao concello. Quen paga estas horas perdidas?

Preocúpanos porque a parte máis importante da política municipal é elixir cales son os asuntos de verdadeiro interese público, defínalos como prioritarios e ordenar que se tramiten e xestionen para o cumprimento dos obxectivos sinalados.

É o Plan xeral un asunto de máximo interese público e polo tanto un obxectivo prioritario para este goberno? Para Unión x Cambre sen a menor dúbida o é.

Por estes motivos, o grupo municipal de Unión x Cambre propón ao Pleno as seguintes propostas de acordo:

Primeiro: Que se emita informe xurídico, pola secretaria, respecto da seguinte cuestión: “competencias do alcalde na tramitación dun instrumento de planeamento que afecta a dous municipios” (artigo 88 da Lei 9/2002).

Segundo: En caso de que se confirme que a competencia non é do alcalde e si do conselleiro, que non se lle dedique máis tempo a este expediente e se proceda á súa resolución inmediata como proceda.

Terceiro: Que se informe, do por que se teñen dado tantas anomalías e de tal calibre na tramitación deste expediente.

Cuarto: Acordar, explicitamente, a tramitación do Plan xeral como de máximo interese público.

Quinto: Como consecuencia trasladar ao persoal do concello, implicado no proceso, e á empresa contratada, a prioridade na súa redacción e tramitación, polo que se considera inexcusable o incumprimento dos prazos asinados en contrato.

Sexto: Dado o atraso que se está dando na redacción deste documento solicítase así mesmo a constitución dunha comisión de seguimento para o cumprimento do contrato, co obxectivo de controlar, verificar e impulsar que o Plan xeral se redacta e aproba nos prazos convidados.”

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que admite a moción, pero di que o Sr. Patiño, no texto da moción, cala cousas para non dicilas. Di que estando de acordo coa moción, e votando a maioría dos acordos a prol, no texto da moción non se di toda a verdade. Explica que cando se di que deixaron sobre a mesa a moción presentada, logo houbo unha xunta de voceiros onde se lles dixo que presentaran alegacións, pero di que el mesmo lle dixo, que dado que non había consenso, ía retirar o documento, e di que o vai facer, pero que ten que pasar o trámite e contestar ás alegacións que presentaron os grupos. Polo tanto, entende que o primeiro punto, que se emita informe xurídico, xa non ten cabida, e o segundo tampouco, dado que el como alcalde se comprometeu a retirar o documento ao non estar aprobado por consenso, e di que nesa xunta de voceiros así o manifestou.

En canto ao punto terceiro, que pide que se informe de por que se deron tantas anomalías e de tal calibre na tramitación do expediente, dille ao voceiro de UxC que este é un expediente que se solicitou xa no ano 2009 o 2010, cando el non estaba. Di que el ten un informe xurídico do xefe da área de Urbanismo que di que se tramite o expediente, e el o que fixo foi sometelo a exposición pública para que se presenten as alegacións pertinentes, polo tanto iso de por que se deron tantas anomalías e de tanto calibre, habrá que preguntarllo ao xefe da área de Urbanismo.

En canto ao punto cuarto, no que se pide que se acorde, explicitamente, a tramitación do Plan xeral como de máximo interese público, di que el como alcalde se comprometeu a aprobar o Plan xeral nesta lexislatura, e ademais facelo por consenso, coa participación de todas as forzas políticas, e así se fixo coa primeira entrega de documentación, para a

cal se chamou ao resto de grupos e estiveron na exposición. Polo que se refire ao punto quinto, está de acordo co cuarto.

Continúa dicindo que co que non está de acordo é co punto sexto, porque xa teñen unha comisión de seguimento, e esa comisión chámase Comisión de Obras, Servizos e Urbanismo. Di que todos os meses os Sres. concelleiros poden facer todas as preguntas e todos os rogos que crean necesarios. Pensa que crear outra comisión, tendo en conta que todos saben como está o concello de persoal, e tendo en conta o custo que iso tería, non lle parece prudente.

Conclúe dicindo que, polo tanto, está de acordo co contido da moción, agás no punto sexto.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, sinala que na xunta de voceiros o Sr. alcalde dixo que non estaba de acordo co documento e que o ía retirar, pero que para retiralo necesitaba as alegacións. Di que o Sr. alcalde non necesitaba ningún tipo de alegación se tomara a decisión de retirar o expediente, primeiro porque está mal o expediente, e o Sr. alcalde sabe que está mal como o sabe el.

Di que eles o que piden é que a secretaria certifique, que faga un informe, sobre que este expediente non se debeu ter iniciado. Di que iso é o que están pedindo no punto número 1.

No punto número 3 piden que se informe de por que se teñen dado tantas anomalías e de tanto calibre. Non están pedindo que o faga o Sr. alcalde, pode facelo o xefe de Urbanismo, reitera que está pedindo un informe, non que o faga o alcalde. Di que claro que o Sr. alcalde non estaba no 2009 e no 2010, pero si que foi quen asinou o inicio do expediente.

Di que no pleno pasado quedou sobre a mesa para ver se tiñan un acordo político entre todos os grupos da Corporación, para retiralo directamente. Obrigou a traballar ao resto de grupos políticos, que fixeron alegacións, cónstalle que así o fixeron algúns dos grupos presentes, para así cubrirse as costas, e poder dicir que como eles presentaron alegacións, el tivo que retirar o documento. Dille ao Sr. alcalde que non é así, que tería que ter retirado o documento porque está mal iniciado, e ese documento vén para, coas naves do polígono de Espírito Santo, facer enriquecerse a certas persoas, e ese é o motivo desa modificación, e iso teñen que sabelo os veciños de Cambre, por iso trouxeron outra vez ao pleno a moción, porque iso é especulación, pura e dura, e non só é esa, di que hai tres máis no polígono de Espírito Santo, que o Sr. alcalde debe coñecer, e que son o SAU 2, o SAU 3, que está na Xunta, e a ampliación cara á zona de Lendoiro. Di que hai tres máis, e iso cun Plan xeral en marcha, iso é inadmisíbel, non poden participar nese tipo de especulación, teñen un Plan xeral en marcha e teñen que paralizar todo o que teñen no polígono, e definir que é o que queren exactamente do polígono.

Di que claro que o Sr. alcalde non estaba no 2009 nin no 2010, pero foi el quen o asinou no 2012. O resto xa verán se o Sr. alcalde os pode paralizar ou non, ou se o concello fai alegacións para paralizalos ou non, porque no Plan sectorial de áreas empresariais o actual goberno municipal a única alegación que fixo foi delimitar o polígono industrial do Espírito Santo, porque estaba mal delimitado pola Xunta, nada máis. Do SAU 2 e do SAU 3 non fixo ningunha alegación, UxC si fixo unha alegación á Xunta de Galicia, aínda que de momento non lles chegou ningún tipo de contestación.

Di que están falando do futuro de Cambre, tanto do Plan xeral como do polígono industrial do Espírito Santo, e aí é onde teñen que facer ver o interese público e o interese xeral, e non o interese dunha empresa que promove unha modificación no polígono industrial, parécelle increíble que se permitan estas cousas.

Conclúe dicindo que se o grupo de goberno está a favor da moción, que a voten a prol, eles estarán encantados.

Toma a palabra o Sr. alcalde para reiterar que está de acordo coa moción, así llelo manifestou na xunta de voceiros, o que non está de acordo é con crear outra comisión.

O voceiro de UxC di que están de acordo, e que retiran ese punto.

O Sr. alcalde continúa dicindo que está ben, pero que dito iso, quere facer unha aclaración. Di que o Sr. García Patiño parece que está a culpalo a el, cando o que fixo simplemente é asinar un documento que vén do ano 2009, un documento con todo un expediente, para darlle un trámite de exposición pública e que a xente fixera as alegacións pertinentes. Unha vez que está en exposición pública hai que resolvela, e iso faise simplemente con alegacións.

O voceiro de UxC remítelo a outros SAU que xa están na Xunta, e el sabe que están alí, pero son cousas que el non asinou. Sobre o tema do Plan sectorial di que el lle estraña, porque ese plan cre que é do ano 1992 e recolle a sectorización por parcelas, non obstante, dende ese ano 1992, neste concello permitiuse que se dividiran non só as parcelas, senón as naves tamén. Pregunta que se vai facer con esa xente, se a van deixar no limbo. Como o voceiro de UxC dixo, son moitas as cousas que hai que resolver no Plan xeral, por iso el está de acordo e se comprometeu con todos os voceiros en contestar as alegacións, retirar o documento porque non hai consenso, deixalo enriba da mesa, e xa se resolverá o que haxa que resolver, co Plan xeral, pero o que non lle parece de recibo é facer outra comisión cando todos os meses hai unha Comisión informativa de Obras, Servizos e Urbanismo. Se retiran o da comisión, votarán a prol da moción.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que o van retirar, pero que, de todos os xeitos, nas Comisións de Urbanismo preguntan sistematicamente, non só UxC, senón o resto dos grupos, cando se lles vai dar información do Plan xeral.

Di que están falando, cre recordar, xa dende o mes de maio, que se lles dixo que en xuño, despois en xullo, en setembro, e ata hai escasos quince días non tiveron ningún tipo de información, ningunha, o cal é penoso.

Di que non vale dicir que os empresarios que están en precario agora, que están mal porque non poden obter licenza, ben porque compraron a baixo prezo ao dividir as naves, ou ben porque foron enganados, que saben que tamén os hai, non vale esa escusa para aprobar a modificación. Como ben dixo o Sr. alcalde, iso terán que arranxalo no Plan xeral, todos aqueles que poidan arranxar as súas licenzas, terán que prevelo dentro dun Plan xeral, o que non poden é andar con parches que benefician única e exclusivamente intereses privados.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que ao seu grupo parécelle acertada a moción que UxC divide en dúas partes. Sobre a primeira parte, o grupo socialista presentou alegacións, e queren que se resolva ese expediente administrativamente como se teña que resolver, e que se dea contestación e punto, despois se o Sr. alcalde o quere retirar ou non, iso é unha cuestión del.

En canto á segunda parte da moción, di que para eles si é importante o tema do Plan xeral. É importante, ademais niso coinciden con UxC, que se cumpran eses prazos, e di que el, na reunión que tiveron no mes de decembro, así o manifestou, o seu grupo tamén o manifestou diante dos redactores da empresa que está a elaborar o plan. Di que lles preocupa que se incumpran estes prazos, e ademais entenden que ten que ser un Plan xeral que teña o consenso de todas as forzas políticas do concello, porque se xa vai ser difícil sacar un Plan xeral, se por riba parten dunha falta de consenso, iso vai ser aínda máis complicado.

Continúa dicindo que hai algúns puntos que si que teñen moita importancia para eles nesa referencia ao Plan xeral, é traballar, como se dixo, co inventario de camiños municipais, no que tamén se leva un atraso moi grande. O seu grupo preguntou en varios plenos e contestóuselles que ía estar listo no mes de setembro, e xa están finalizando decembro. Na reunión que tiveron o día 19 dixéronlles que o informe está terminado, e eles piden que se traslade aos grupos tamén unha copia do dito informe. O tema de delimitar os límites do Concello de Cambre con algúns concellos lindeiros, como cre lembrar queda o caso de Carral, tamén o Sr. alcalde citou o outro día a Oleiros, aínda que se non ten mal a información el cre que xa estaba feito, pero, en todo caso, en relación con Carral, dende o Concello de Cambre no mes de setembro, ou anterior incluso, creouse unha comisión para facer o seguimento dese deslinde, entón, haberá que esixirlle ao Concello de Carral traballar no tema, porque non poden traballar nun Plan xeral sen saber ata onde chega o concello.

Segue dicindo que o do inventario de camiños é tamén importante, porque iso vai delimitarlles tamén moito o tema do Plan xeral. Para eles, dende logo, o Plan xeral é o

que ten que traballar e redundar sobre todo no tema das infraestruturas, estradas, vías, etc., porque iso vai a ser máis que pensar como vai quedar particularmente o terreo de cada veciño, iso vai ser o que lles marque o desenvolvemento do concello, e, dende logo, o que non poden permitirse é volver a fracasar no tema do Plan xeral.

Conclúe dicindo que, dende logo, dende o grupo municipal dos socialistas de Cambre, dixérono o outro día na reunión coa empresa redactora, transmitírono claramente, a súa aposta é por traballar nese documento e aprobalo.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que el vai ver se se centra un pouco no contido da moción, porque ao mellor, escoitando algunhas cousas, e tendo en conta a súa importancia, habería que facer un pleno monográfico do plan de Urbanismo, porque efectivamente o outro día tiveron unha reunión coa empresa redactora, dixéronse unha serie de cuestións, por exemplo, o seu grupo si que falou do tema do deslinde de Cambre con Carral, que hai unha comisión preparada, tamén o tema de que se fixera un CD para información pública para presentar alegacións, e outra serie de cuestións, por iso di que ao mellor habería que facer un pleno monográfico para falar do plan de Urbanismo, do que ninguén na Corporación pon en dúbida a súa importancia, porque vai determinar o futuro do seu concello.

Continúa dicindo que centrándose no tema da moción, porque lle parece extraordinariamente importante o que se di nela, importante e ao mesmo tempo dunha gravidade impresionante, porque se se confirman algunhas cuestións que reflicte a moción, como por exemplo que o Concello de Cambre non tiña competencias nese plan parcial, poden estar falando, supostamente, dunha malversación de caudais públicos, por iso dixo o da importancia que ten este tema.

Di que o seu grupo, o día 30 de novembro, presentou, por rexistro do concello, unha solicitude para que se lles facilitase o expediente dese Plan parcial, e volveron insistir o outro día, nunha reunión que houbo, respecto dese tema, pero a día de hoxe non se lles deu a información que pediron hai case un mes, o único que teñen son os informes técnicos que lles facilitou o xefe da área xurídica de Urbanismo. Como consideran que este tema ten moitísima importancia, unha vez máis solicitan que se lles facilite esa información, en todo caso, o seu grupo o día 17 si presentou unha alegación, para paralizar non só ese plan parcial, senón todos os que se estean tramitando, antes falouse algo diso, pero EU solicitou que se paralizasen todos os plans parciais e que se inclúan no contexto do Plan xeral de ordenación municipal, no plan de urbanismo. Di que iso foi o que pediron e o que presentaron, e sobre todo insisten en que, por favor, se lles facilite a documentación respecto dese tema.

En canto ao que se falou dunha comisión máis, coincide cos que lle precederon, xa que na Corporación anterior quíxose facer unha cousa parecida, pero decidiron todos, e cre que foi con bo criterio, que esa comisión está incluída na Comisión de Urbanismo;

cando queren presentar algo xa teñen esa comisión, e para iso teñen que utilizala, o que teñen é que facelo ben.

Conclúe resaltando a importancia que para o seu grupo ten a moción presentada, e por suposto que van votar favorablemente a ela.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que el cre que esas palabras tan duras de malversación de caudais públicos, non sabe a que veñen, sinceramente non o sabe, di que é como se el estivera favorecendo a alguén nun expediente que non foi iniciado nin sequera por el, simplemente fixo o trámite para poñelo en exposición pública, sen favorecer a ninguén, é máis, coa apostila na que se di que, se se cumpre con esa condición, seguirá o trámite para que o resolva quen o teña que resolver, porque o concello fai a tramitación, pero non a resolución. Por iso, cre que son palabras bastante fortes, porque está falando de malversación de caudais públicos e é como se o voceiro de EU estivera a acusalo de malversar algún fondo público.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta, en primeiro lugar, que para nada mencionou ao Sr. alcalde. Di que a moción o di perfectamente, que o concello non tiña competencias para tramitar o plan, volve dicir que el non nomeou ao Sr. alcalde para nada, pero que se están facendo un trámite que non lles corresponde, entón, supostamente, poden incorrer niso, é algo que supón, porque di que non é xurídico, que fala en prata, e como dixo antes o concelleiro do BNG, os plenos tamén son para falar, non son para reprimir ás persoas, el di as cousas con respecto e educación, e cada un á súa maneira, sobre todo iso, con respecto e educación, e sobre todo pedindo perdón, como acostuma o Sr. alcalde moitas veces.

Pregunta que, se o Concello de Cambre non ten competencia para iso, entón que é o que pasa, pregunta se van tramitar todo o que lles veña, e di que non, que o que teñen que tramitar é o que lle corresponda ao concello, e non hai que tratar de favorecer a ninguén. Di que esa é a impresión que a el lle dá, é a súa humilde valoración e así a expresa.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que ben, e que como teñen que ser respectuosos, por iso llo dixo, porque deixado caer así.... Di que o voceiro de EU antes apuntoulle a unha das concelleiras do equipo de goberno a utilización das palabras como se iso fose unha dádiva, que había que coidalas, e el tamén lle pide que as coide, porque poden quedar cousas no aire. Xa que a moción foi lida en público, pode quedar no aire, dado que nela se di que o Sr. alcalde non ten competencias, e non é verdade, porque para expoñer ese documento en exposición pública tenas todas, para a resolución non, que iso lle corresponde ao conselleiro, pero para a tramitación e para poñela en exposición pública, tena. Ademais xa lles dixo que é un expediente que el non iniciou.

Continúa dicindo que el o que si está de acordo con eles é que se aproban a moción non hai ningún problema, porque é un compromiso, e respóndelle agora ao concelleiro do partido socialista que o compromiso que adquiriu o mércores ou o xoves cando fixeron

a reunión de voceiros, vai a misa, o único que pasa é que iso ten que seguir un trámite, unha resolución administrativa, hai que resolvelo administrativamente, e iso faise simplemente presentando as alegacións, contéstanse as alegacións e cóllese o expediente e arquívase todo coas súas alegacións, e chégalles a eles a contestación e a resolución desas alegacións.

Di que está de acordo con eles, que é moi importante o Plan xeral, o tema das comunicacións, os camiños e o deslinde co Carral. El é a terceira vez que lle esixiu ao alcalde de Carral que nomeara a comisión de deslinde, e así o dixo noutro pleno, e segue insistindo, porque lle interesa máis a Cambre que a Carral. Di que Cambre xa ten a comisión formada e el xa lle esixiu ao Sr. Mouriño, que tamén é do seu partido, que, por favor, fixera a comisión e que se reuniran.

Tamén é importantísimo meter no Plan xeral todos os camiños, porque iso lles dará unha visión máis global do tema. Co respecto ao que dixo o Sr. Taibo de dar un CD, non llelo pode dar, porque xa lles explicou os atrasos que teñen coa empresa, xa que se contratou a unha UTE, e ese contrato hai que respectalo ou resolvelo, e el cre que a todos os cidadáns de Cambre lles convén, aínda que leven dous meses de atraso neste momento, seguir con esa empresa, porque comezar de novo sería non aprobar o Plan xeral nos vindeiros cinco anos, polo tanto, el cre que teñen que ir con esixencia, como están indo, el cre que xa o manifestou aquel día na reunión, teñen que ir esixindo todo o que haxa que esixir, pero non resolver o contrato, e tratar de aceleralo o máis posible, porque el cre que é importante para todos, non só para a Corporación senón para todos os veciños que están en Cambre.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás di que quere facer unha pequena apreciación. Para el o outro día foi bastante explícita a xunta de voceiros e a reunión que tiveron coa empresa redactora do Plan, dixéronse cousas que saben, e coincide co Sr. alcalde en que agora sería un atraso cancelar o contrato coa empresa. Tamén todos saben o motivo do atraso, por iso, por responsabilidade, deben ser conscientes do que se falou nesas reunións.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que, como xa se dixo, nesta moción van incluídos dous temas, que teñen relación, como demostra a propia moción, e o seu grupo o que quere, ao falar do plan parcial do Espírito Santo e de toda esta polémica, é mencionar unha cuestión no pleno municipal, dicilo para que conste en acta, e é que, neste caso, non di que noutros non, pero neste dunha maneira moi explícita, o equipo de goberno, queira ou non, tivo a colaboración dos grupos da oposición. Di que se se retrotraen tres ou catro semanas no tempo verían que hai unha postura por parte dun dos grupos, secundada con maior ou menor intensidade polo resto dos grupos da oposición, para reclamar que xa se paralizara este asunto, e o Sr. alcalde, nunha reunión que tiveron, explicoulles unha serie de condicionantes de índole principalmente administrativo, e pediulles a súa colaboración para presentar alegacións e así se fixo. El cre que nese sentido, el cre que

ningún dos concelleiros que están na Corporación son sospeitosos de absolutamente nada, di que el vive pensando iso a día de hoxe. El quere pensar que o Sr. alcalde non lle quere dar adiante a ese plan, e que o conxunto dos grupos da oposición tampouco, pero a maiores hai outro tipo de cuestións accesorias que van xurdindo que el cre que é o que dalgunha maneira se reflicte na moción presentada por UxC.

Segue dicindo que na moción se din cousas que el cre que non son boas nin malas, el cre que é bo, porque a política e a política municipal está para falar diso, cousas que son maiúsculas, que son importantes, non están a falar dun sumidoiro ou dun camiño, senón que o que se di, do que se fala, se menciona e se fundamenta, con maior ou menor acerto, son unha serie de anomalías bastante importantes que se dan no trámite, no procedemento de todo este expediente, e a resposta que o Sr. alcalde lle deu ao voceiro de UxC, é que lle hai que preguntar ao xefe de Urbanismo, e di que el pode estar de acordo con esa afirmación, por iso di que teñen que ver a maneira, sexa na próxima Comisión de Urbanismo, por exemplo, de preguntarlle ao xefe de Urbanismo, pero tamén di, e tamén lle di ao Sr. alcalde que el, como concelleiro da oposición, ten esa preocupación, e entende que sendo alcalde tamén a tería que ter, non sabe se a tivo, se a tivo e a levou a efecto, debería terlles dito aos grupos da oposición que conclusión sacou de todo iso.

Continúa explicando que di todo iso porque, por exemplo, se imaxinan que chega un particular, calquera dos veciños que esta neste pleno ao concello, para realizar unha obra nunha parcela, e aparece cunha folla na que fundamenta a súa titularidade, quere dicir con iso que o famoso tema do 50% da titularidade do polígono que se acredita cunha serie de documentos, non valen nin para que un pai xustifique a ausencia do seu fillo a un centro de ensino primario, é dicir, é algo que é carente total e absolutamente de calquera respecto aos procedementos administrativos que todos saben. Nese expediente danse moitas irregularidades, e o BNG está de acordo co equipo de goberno en que efectivamente isto se comeza a tramitar non estando eles no goberno, pero tamén é certo que vai tamén a súa sinatura, como tamén é certo, neste xogo de medias verdades e mentiras, que o Concello de Sada, ao seu modo de ver bastante ben fundamentado no seu día, bota para atrás ese proxecto.

En calquera caso esa non é a súa guerra, a eles o que lles preocupa, e así de claro o din, é saber diante de que están, se lle botan a culpa ao funcionario que toque, se lles cargan o morto, ou asumen o que hai, que seguramente tampouco sexa responsabilidade deste equipo de goberno. Di que o certo é que calquera persoa que vexa ese expediente vai velo, porque na documentación que se presenta se fala dunha extensión que non é a que ten o polígono, é menor, e sobre iso se argumenta o 50% da solicitude, ou sexa, que son unha serie de cuestións que non son de recibo, para calquera particular non o serían nin sequera nun instituto.

Continúa dicindo que se todo o mundo aquí pensa e argumenta, efectivamente, con visos á elaboración dun Plan xeral, como se tramita isto, toda a argumentación que

houbo para darlle para adiante respecto de se crear postos de traballo, e saben que están a falar dunha materia moi sensible, eles cren que todo isto tamén lles debe servir a todos para aprender, para calibrar e para diagnosticar se aí hai algún problema, se aí hai algo que funciona mal, porque na medida que o poidan emendar, aforrarán moitos problemas, máxime cando están no trámite de elaboración dun plan de urbanismo.

Con respecto do que se dixo, el tamén está de acordo coa súa postura sobre as comisións de Urbanismo, que evidentemente son mensuais, e tamén o dixeron. Eles son o goberno, eles están no concello, loxicamente os grupos da oposición teñen o dereito e tamén o deber e a obriga de realizar preguntas e rogos, e dentro dese xogo pídelles que, na medida do posible, tamén fagan, dende esa cordialidade, por informar mensualmente de como van as cousas e de ser o máis transparentes posible, porque el cre que, como se dixo, está no ánimo de todos sacar nesta lexislatura o Plan xeral.

O Sr. alcalde contesta que no seu ánimo está, como xa o dixo, e non só no seu ánimo, senón que hai un compromiso que el fixo na xunta de voceiros a todos os grupos, un compromiso de traballar no Plan xeral, informar do Plan xeral constantemente a medida que vaia avanzando, ese é un compromiso que asumiu persoalmente e segue a defendelo, e asúmeo en nome dos seus compañeiros e do equipo de goberno.

O concelleiro do BNG tamén falou de botarlle a culpa ao funcionario, ao xefe de Urbanismo, el dille que ese é un expediente que o concelleiro leu, que falta documentación é certo, non está completo o 51% de documentación, ou non está completo ou está con fotocopias, non está debidamente xustificada, pero para iso, se o Sr. concelleiro o leu puido ver que na exposición pública inclúe a apostila de “sempre e cando se complete a documentación”. Di que iso pasa incluso con Facenda, o interesado presenta o documento o día que ten que presentalo, e pode levar unha folla ao día seguinte, aos dous días ou ao cabo dun mes.

Conclúe dicindo que xa lles dixo que a resolución non é súa, nin do Concello de Cambre, pero a tramitación si. El xa dixo que non estaba contento co expediente, e segue sen estalo, por iso recorreu ao resto dos grupos, e di que vai seguir recorrendo a eles en todos estes procesos, e por iso vota a prol da moción, porque ademais o voceiro de UxC díxolle que retiraba o punto seis.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García di que lle gustaría facer unhas pequenas aclaracións, pero antes de continuar tamén lle quere pedir permiso para ausentarse na fase de rogos e preguntas, despois de tratar a moción de EU, porque lle está a doer moitísimo a cabeza e estivo aguantando todo o que puido.

En canto ao tema da moción expón que non é competencia do alcalde a tramitación. O artigo 88 da Lei 9/2002 fala da tramitación das Normas subsidiarias e complementarias de planeamento e doutros instrumentos que afecten a varios municipios, e no apartado 1 di que as Normas subsidiarias e complementarias de planeamento e os instrumentos de

ordenación urbanística que afecten a varios municipios, serán tramitados polo conselleiro ou conselleira en materia de urbanismo e ordenación do territorio, seguindo o procedemento previsto nese capítulo.

O Sr. alcalde pídlle que siga lendo, ao que o voceiro de UxC di que non, que le ata aí.

O Sr. alcalde di que el non ten diante o artigo 88, pero o Sr. García Patiño ten que seguir lendo porque na propia moción recolle cousas que deixa a medias, no aire. En todo caso, pídlle perdón pola interrupción e dille que pode continuar coa súa intervención.

Don Óscar Alfonso García Patiño di que non adoita facelo e que lle perdoa. Continúa dicindo que non é competencia do alcalde e así o puxeron na moción e así supoñen que sairá no informe que están solicitando. É o que eles entenden desa lei, non é competencia súa a tramitación. Tamén dixo o Sr. alcalde que na exposición pública xa fixo constar que deberán traer todos os documentos, pero dille que se está a esquecer algo que é esencial en todo isto, pregúntalle onde esta o interese público, non o hai, o Sr. alcalde non debeu asinalo, e xa llo dixo hai tempo, non debeu asinalo, independentemente de todos os problemas que pode haber aquí e polos que non se debeu iniciar. Di que unha vez iniciado, cousa que non fixo o actual goberno, o Sr. alcalde debería telo lido con calma, asesorarse, e non debería telo asinado. Di que aí está o problema, o Sr. alcalde non pode asinalo.

Pregúntalle que interese público está a defender cando non se trae o 50% do polígono. Dilles que se despois o traen, seguirán adiante, pero pregúntalle que necesidade ten de tramitalo cando non hai interese público detrás, esa é a pregunta, a quen beneficia todo iso, e esa si que é unha dúbida que directamente queda no aire, a quen beneficia, porque dende logo aos veciños e veciñas de Cambre, en absoluto.

Toma a palabra o Sr. alcalde para sinalar que, feita esa aclaración, o Sr. García Patiño dixo no anterior pleno que pensaba que, seguramente, o alcalde tiña asinado sen pensar que ía cometer ningunha irregularidade, pero dille ao voceiro de UxC que, ao mellor, tamén tería que preguntarlle aos empresarios establecidos no polígono se hai ou non interese público, iso independentemente do que é a parcela da que están falando, por iso se puxo a apostila. O Sr. García Patiño tamén sabe que se o 51% dos empresarios que son donos de terreo en Cambre, promoven ese expediente, entón non hai Pleno que o pare, iso por moito que o Sr. concelleiro lle diga que é plan parcial ou xeral.

Reitera que por iso el o puxo en exposición pública, porque hai empresarios implicados, e por iso puxo a condición de que presentaran a documentación, e xustificado o 51%, todos saben que nin votando no pleno, unha vez xustificado o 51% iso non se pode parar. Di que é así, o Sr. García Patiño dille que non, pero el dille que si, pola lei.

Feitas esas aclaracións, di que el está de acordo co voceiro de UxC, porque a el tampouco lle gusta, e por iso, como retiraron o punto seis que é onde el vía complicacións, por iso vai votar a prol da moción.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, o concelleiro presente de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción coa seguinte parte dispositiva:

Primeiro: Que se emita informe xurídico, pola secretaria, respecto da seguinte cuestión: “competencias do alcalde na tramitación dun instrumento de planeamento que afecta a dous municipios” (artigo 88 da Lei 9/2002).

Segundo: En caso de que se confirme que a competencia non é do alcalde e si do conselleiro, que non se lle dedique máis tempo a este expediente e se proceda á súa resolución inmediata como proceda.

Terceiro: Que se informe, do por que se teñen dado tantas anomalías e de tal calibre na tramitación deste expediente.

Cuarto: Acordar, explicitamente, a tramitación do Plan xeral como de máximo interese público.

Quinto: Como consecuencia trasladar ao persoal do concello, implicado no proceso, e á empresa contratada, a prioridade na súa redacción e tramitación, polo que se considera inexcusable o incumprimento dos prazos asinados en contrato.

A continuación, o Sr. alcalde solicita que polo voceiro de EU se xustifique a urxencia da moción presentada.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, explica que basean sobre todo a urxencia desta moción en que deben ter todos en conta, e cre que son conscientes, do proceso de degradación que ten o medio natural do concello, e das posibilidades que teñen de remedialo contando con infraestruturas que se poden adaptar para corrixir esa degradación e, ao mesmo tempo, para transmitir ás novas xeracións ese patrimonio. Trátase basicamente de dotar unha infraestrutura como centro de interpretación do río Mero e unha aula da natureza.

Así pois, fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres

concelleiros de UxC, o concelleiro presente de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

A Corporación, por dezaoito votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

C) Moción do grupo municipal de EU sobre a creación “dunha aula de natureza e centro de interpretación do río Mero”, no edificio modernista da Arrigada

Rexistrada de entrada ao núm. 17409 o día 24 de decembro de 2012, xunto cos rogos e preguntas presentados para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“No mes de novembro de 2011 o grupo municipal de EU presentou ante a Xunta de Voceiros desta Corporación unha proposta consistente na creación dunha aula da natureza e centro de interpretación do río Mero.

A dita proposta viña dada pola necesidade que o noso grupo municipal considera que existe no noso concello derivada da transformación de Cambre nun territorio en acelerado proceso de urbanización, así como os cambios que veñen impostos polo modelo de vida actual. Estes cambios inciden directamente no medio ambiente, algo que podemos observar visto o grao de deterioración que nos últimos tempos sofre a natureza do noso concello.

Como xa facíamos constar na proposta á que vimos facendo mención, o grupo municipal de EU de Cambre considera que a defensa do medio ambiente é moito máis que unha romántica posición de conservación da natureza; é unha aposta polo futuro.

Unha aula da natureza concíbese como unha oferta educativa para que os colexios, institutos, colectivos ou asociacións, poidan realizar programas de educación ambiental, recreativo e cultural, co fin de dar a coñecer, entre outras cousas, a flora e a fauna do noso concello, e así recuperar, conservar, protexer, poñer en valor e difundir os bens integrantes do noso patrimonio.

EU ten entre os seus valores espertar a conciencia crítica a través de dinámicas de sensibilización e concienciación da natureza, e consideramos que temos neste momento unha importante ocasión para que o noso pobo poida contar cunha aula da natureza e centro de interpretación do río Mero con obxectivos de desenvolvemento orientados á sensibilización, conservación e coñecemento dos antecedentes históricos do medio ambiente natural de Cambre.

A día de hoxe Cambre conta no seu patrimonio cun edificio singular de 1912 no lugar da Arrigada, catalogado nas súas Normas subsidiarias como edificio de especial protección, que ben poderá cumprir as funcións e ofrecer programas educativos aos

nosos escolares, e tamén como elemento atractivo para os cambreses/as e persoas que nos visitan.

Este edificio situado ao noso xuízo nun enclave axeitado próximo á zona emblemática das Insuas, conta nas súas inmediacións con montes, bosques, humedais e co emblemático río Mero (un dos símbolos máis importantes do noso concello).

O desenvolvemento e posta en valor do río Mero e os seus humedais é unha aposta que o conxunto da Corporación debe contemplar, como foco de atracción turística, que ben pode ser un referente a nivel comarcal para dar a coñecer ese gran recurso que baña unha boa parte do Concello de Cambre, tendo en conta as grandes posibilidades en canto ao turismo activo, natureza e patrimonio.

Polo exposto o grupo municipal de Esquerda Unida propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Encomendar ao goberno municipal que leve a cabo a elaboración dun proxecto de rehabilitación da Casa da Arrigada, así como a recuperación da zona axardinada das súas inmediacións.

Segundo: Creación dunha “aula da natureza e centro de interpretación do río Mero” na Casa da Arrigada que permita difundir valores ambientais, mediante a integración e implicación da poboación.

Terceiro: Unha vez elaborado o proxecto e con base nel, o goberno municipal solicitará dos organismos públicos correspondentes, subvencións encamiñadas á súa realización.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que o seu grupo podería estar de acordo coa moción, primeiro porque o primeiro punto que é encomendar ao goberno local que leve a cabo a elaboración dun proxecto de rehabilitación da Casa da Arrigada xa esta feito dende hai un par de meses aproximadamente, precisamente para solicitar unha subvención que están tramitando agora. Para solicitar esa subvención pedían que se fixera un proxecto técnico, eles o que fixeron foi unha memoria valorada, contando con que as obras non eran importantes, e agora o que lles solicitan é un proxecto técnico. Iso é o que van facer agora, en todo caso, xa teñen a memoria da actividade coa memoria valorada das obras que terían que facer.

Continúa dicindo que ese edificio é un dos tres edificios emblemáticos de titularidade municipal, xunto con Vila Concepción que xa están arranxando, e coas Casas de Bailly, que xa son outro tema, porque necesitarán un investimento moito máis importante para o cal terán que buscar financiamento no seu momento. Pois ben, eles o que non poden estar de acordo nin compartir é que nese edificio se faga a aula da natureza, por ser o único edificio que cun investimento medianamente razoable, entre 70.000 e 100.000

euros, se podería poñer en funcionamento en breve. Primeiro, porque non poden asumir a curto prazo contratar persoal para manter aberta esa instalación permanentemente ou periodicamente, é igual, non poden contratar persoal de ningunha forma. En segundo lugar, ía ser practicamente imposible conseguir unha subvención periódica para poder sufragar eses gastos de persoal, que é o que se suxire no terceiro punto da moción.

Explica que o que eles están intentando facer é conseguir unha subvención para arranxar os xardíns, para facer as reformas e obras de accesibilidade, porque é unha casa cuns serios problemas de accesibilidade, para os cales os técnicos xa estudaron solucións, agora só faltan os recursos para poder facelo.

Segue dicindo que a intención que ten o goberno municipal é utilizala con fins culturais, que poden determinar entre todos, e incluso ter unha reunión unha vez teñan concretada a subvención que lles conceden para ese asunto. En todo caso, a idea que teñen dende o goberno é destinalo a usos culturais, esa é a súa intención e de feito, a subvención que se vai solicitar é a do 1% cultural, trátase dunha subvención segundo a cal, de todos os investimentos que fai o Ministerio de Fomento, o 1% destínase á recuperación do patrimonio cultural. O que eles van facer é solicitar dentro dese 1% cultural, que lles subvencionen a rehabilitación. Ademais, di que é unha rehabilitación entre comiñas, porque o edificio está en bastantes boas condicións, o que ten son uns problemas de humidade, os que xa mencionou de accesibilidade e os xardíns, un investimento como tamén dixo entre 70.000 e 100.000 euros.

Conclúe dicindo que unha vez que saiban cal é a subvención que lles dan, sobre todo atendendo aos criterios de accesibilidade, definir o uso, que el cre que poden facer entre todos.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que el, en principio, tamén entende como cultura o que están proponendo na moción. Pregunta se a restauración dun patrimonio que teñen en Cambre, a creación dunha aula da natureza e dun centro de interpretación non é cultura, el pensa que si, está convencido de que iso é cultura.

Cre que cando se presentou esta iniciativa nunha xunta de voceiros, para tratala entre todos, tivo un bo recibimento por parte dos demais grupos, algún incluso lles felicitou pola proposta. Di que é unha carencia que ten Cambre, Cambre non ten unha aula da natureza, e o río Mero coñéceo moitísima xente, pero, ao mellor, non saben interpretalo. Teñen que ter en conta que en Cambre hai moitísima poboación, ao mellor máis da metade da poboación que ten Cambre é xente que decidiu integrarse no concello, pero que descoñece moitas cousas de Cambre, e a Corporación ten a obriga de ensinarlle á xente o que é Cambre, o que é o seu patrimonio e o que é a súa historia. Di que os que son de Cambre de sempre teñen esa sensibilidade moi arraigada, e esa é unha demanda que fai moitísima xente. Esa casa estivo sen utilizar moitísimo tempo, e el pensa que é o sitio adecuado, está situada nun sitio perfecto, preto do castro de Cambre, preto do río

Mero, preto dunha zona de referencia de Cambre que son As Insuas, de humidades, de montes, cre que é perfecto, incluso preto do ferrocarril para poder trasladar á xente.

Continúa dicindo que outra cousa é que non exista vontade para facelo. Ao mellor, facendo un proxecto encamiñado ao que se solicita na moción, habería organismos públicos, FEDER, deputación, Xunta de Galicia ou o propio goberno central, que achegarían recursos, o que pasa é que ten que existir vontade para transformar esa casa no que eles solicitan na moción, que tamén é o que moitos veciños de Cambre queren, porque a el, e imaxina que a eles tamén, hai pais e hai nenos que lle din que de Cambre non teñen nin idea, que non saben onde están as telleiras, que non saben onde é o pozo da campana, non saben moitísimas cousas de Cambre. El cre que iso é o que lles hai que transmitir, e é obrigación desta Corporación facelo, e poderían facelo da forma que se recolle na moción.

Conclúe dicindo que é unha chamada a todos. Teñen que ter esa sensibilidade, porque hai rapaces que viven en Cambre dende hai 20 anos e non teñen idea de como está Cambre, non coñecen os lugares, non saben a toponimia, dende logo ao seu grupo gustaríalle que a moción se votara tal e como está.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre sinala que el xa o dixo dende o principio, eles poden estar de acordo con iso, outra cousa é que o voceiro de EU chame vontade ao que el di que é posible ou non é posible. Di que el ao que non se pode comprometer, porque non o pode facer, porque sería irresponsable e un mentireiro se o fixera, é a dicir que vai facer iso e que o vai poñer en funcionamento nun curto prazo de tempo, porque non o pode facer, por moito que queira non pode contratar persoal, o Concello de Cambre non pode contratar persoal para poñer en funcionamento unha cousa como esa, non é posible.

Continúa dicindo que tamén hai unha cuestión de prioridades, ao mellor para o Sr. Taibo iso é unha prioridade, pero ao mellor para eles a súa prioridade é que, as poucas subvencións que se poidan conseguir, como se acaba de facer co POS, se destinen á mellora de cuestións que todos os días afectan aos veciños. Hai outros enfoques, por exemplo o que se fixo na pasada lexislatura, que foi proxectar un novo edificio para a Casa da Cultura, mentres que eles tiñan outro enfoque, que era rehabilitar un dos edificios que xa hai e alí albergar a Casa da Cultura.

Explica que eles non poden dar servizos a maiores sabendo que non van poder sufragalos, porque o problema non é poñer en funcionamento a casa e poñerlle ese nome, o problema é despois mantela. Iso é o que eles están vendo neste momento, e el non se pode comprometer a dicir que se vai poder poñer en funcionamento, ou que iso a curto ou medio prazo vaia ser sostible, porque el xa sabe que non o vai ser.

Continúa dicindo que o tema da localización será un tema que haberá que tratar, a el, persoalmente, e polo que ten falado cos seus compañeiros, non lle parece a localización

máis idónea, e menos utilizar un dos tres edificios emblemáticos que ten Cambre para eses fins, cando posiblemente debería estar nun contorno aínda máis integrado dentro da natureza. Ese edificio é patrimonio cultural, patrimonio do municipio, do pouco que ten o concello, e queren enfocalo a outras cuestións. Comparte que a proposta de EU é un tema cultural, por suposto, pero eles pensan noutras cuestións que xa lles comentarán cando teñan a reunión, ideas que teñen para ese edificio, e para as cales solicitaron a subvención.

Conclúe dicindo que esta moción se pode presentar, se pode votar e se pode aprobar, pero el ao que non se pode comprometer, como concelleiro delegado, é a poñelo en funcionamento, porque dille claramente que é imposible facelo agora.

Don Luis Miguel Taibo Casás solicita a palabra por alusións e o Sr. alcalde sinala que xa a solicitou o voceiro de UxC e do PSdeG-PSOE, que se eles lle deixan contestar de acordo, pero se non habería que ir por orde.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que falou antes das preferencias e das valoracións. El non sabe se é a opinión do equipo de goberno ou se é tamén a opinión dos técnicos do concello, porque, ao mellor, necesitan tamén a opinión dos técnicos do concello. O voceiro do PP estalle dicindo que é imposible e que é inviable, pero ao mellor habería que facer un estudo e mirar outro tipo de alternativas, ao mellor algún tipo de concerto con algunha institución ou con alguén. Di que habería que miralo, por exemplo a casa Wenceslao Fernández Flórez está funcionando cunha persoa, hai moitas posibilidades, hai que ter imaxinación para tratar de levar as propostas adiante. A el parécelle unha proposta interesante e por iso a trouxo a pleno.

Toma a palabra o Sr. alcalde para facer un inciso. Di que están de acordo co punto primeiro da moción, encargar o proxecto, e tamén están de acordo co punto terceiro, pero co que non están de acordo é co punto segundo, porque el non pode aprobar unha moción que supón un compromiso cando el non sabe se vai poder lograr a subvención. A casa para ter accesibilidade hai que abrila pola parte de arriba, hai que entrar pola parte de arriba, para iso hai que negociar cos veciños. Xa teñen un entente de negociación cos veciños da Arrigada, para que lles deixen actuar onde teñen o tanque de gas, para poder facer a entrada por aí ao segundo andar, porque se meten un ascensor, comen media casa, e calquera persoa ten que ter accesibilidade á segunda planta. O que necesitan para iso é, primeiro, facer o proxecto para dar accesibilidade á casa no segundo andar e arranxar toda a zona axardinada. Se lles dan iso, despois centrarán os disparos onde mellor lles conveña, porque cando saiban que xa poden arranxar a casa, despois centraranse en facer unha aula de cultura, unha biblioteca especial ou o que sexa.

Conclúe dicindo que por iso están de acordo con dous dos puntos da moción, pero volve dicir que co que non están de acordo é con dicir agora que van facer con ese edificio,

porque ao mellor ese non vai ser o destino da casa, ao mellor aparece outra solución mellor.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que o que lle está a dicir agora o Sr. alcalde difire bastante do que dixo o Sr. Andreu.

O Sr. alcalde di que é porque el deu unha maior explicación, e o Sr. Andreu foi máis cortante.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que o Sr. alcalde non descarta a posibilidade de transformar a casa no que piden na moción, o Sr. Andreu dixo que o descartaba xa, que ía ser para outras cousas culturais.

Don Felipe Andreu Barallobre manifesta que el falou de agora, do curto prazo. No momento actual el ten que descartalo, porque se dixera o contrario estaría mentindo, iso foi o que dixo, neste momento el o descarta, non o pode facer, porque aínda que o intente facer non pode facelo cos seus medios. Di que el pode comprometerse ao que ten nas súas mans, el pode presentar un proxecto, pero non comprometer un edificio para un uso específico sen saber se vai ter financiamento para iso, porque con recursos propios non vai poder. El ten que expoñer a situación como a ve, o que pode e non pode facer, e agora mesmo iso non pode facelo. É o que lle ten que dicir, sen acritude e sen menospreciar a idea, que a idea lle parece estupenda, pero hai que valoralo e, ao mellor, o sitio tampouco é o máis idóneo.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que o do sitio é unha apreciación, e que cada un pode pensar noutros sitios.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo, en principio, está de acordo coa moción. Quere deixar claro que apoiarán que se financie fundamentalmente con fondos doutras administracións, vía subvencións, axudas, ou o que sexa, sempre e cando esas subvencións teñan como obxecto unha actuación como poida ser a posta en marcha desa aula da natureza, ou sexa, un obxecto específico, o que non estarían de acordo é que axudas ou subvencións doutro tipo, como podería ser por exemplo o POS ou calquera outra axuda que fixe o seu obxecto amplamente e recolla outro tipo de obras, tendo en conta as necesidades que hai en Cambre a día de hoxe, poidan financiar isto. Parécelle adecuado a busca dese financiamento do 1% cultural, pero, evidentemente, mirarán moi detidamente como se financia, porque con independencia de que isto sexa importante, e que como dixo o compañeiro Taibo poida ser un elemento de dinamización do concello e posta en valor dos seus valores medioambientais, eles entenden que, agora mesmo, as necesidades prioritarias en Cambre en canto a investimentos, na súa opinión son outras. En todo caso, van apoiar a moción.

Concedida a palabra a don Óscar Afonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo vai apoiar a moción, ademais di que foron dos que felicitaron ao voceiro de EU por esta idea, cando o expuxo na xunta de voceiros el foi un dos que lle pareceu unha idea excelente.

Di que o equipo de goberno sempre fala de que a curto prazo non se pode facer isto, el estivo lendo de novo a moción e en ningún caso a moción que presenta EU pon prazos. Di que é moi fácil intentar facer todas as obras posibles dentro dunha lexislatura para poder inauguralas e gañar uns cantos votos, pero aquí non se fala de datas para rematalo, o que si se fala é dunha idea e dunha forma de traballar coa cal o seu grupo está totalmente de acordo.

O equipo de goberno dixo que non é sostible, el cre que si, que sería sostible, o que igual non sería é rendible, son dous cousas totalmente distintas. Respecto de que igual hai mellores ideas, di que eles levan coñecendo a Luis Taibo dende hai moito tempo e cre que se hai mellores ideas, el tamén dirá “pois mellor esta que a que tiñamos aprobada”, e seguramente non habería ningún tipo de problema.

En canto á localización, vendo o proxecto que ten a deputación do carril bici ao longo da Coruña, Culleredo, Oleiros e Cambre, precisamente polo río Mero, el cre que deberían aproveitar esa localización, porque está aí, non teñen que facer nada novo, está aí, para que todos aqueles que poidan vir doutros lugares, paren en Cambre e paren na aula da natureza.

Conclúe dicidno que ese edificio está aí dende 1912, polo que poden agardar tamén un pouco máis de tempo, simplemente se trata de apoiar unha idea, que ademais, a día de hoxe é a única que está sobre a mesa. Neste momento, que el oíra en xunta de voceiros, a única proposta que está sobre a mesa é esa, e por iso eles a van apoiar, parécelles excelente e volven felicitar a EU por traer esta moción.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM, manifesta que está totalmente de acordo co tema de rehabilitar a casa da Arrigada para fins culturais. O que non está de acordo é con poñer aí unha aula da natureza, para iso deberían utilizar o local que teñen no encoro de Cecebre, ao lado da discoteca O Bosque, un local que está infrautilizado, que se fixo hai un montón de anos para actividades de piragüismo no encoro e que despois foi quedando en nada, porque se foron indo para O Temple, e está infrautilizado. Di que habería que ver se é tecnicamente viable, porque el cre que o medio sería ideal, está pegado ao encoro de Cecebre, nada máis que coa estrada no medio, hai sitio para aparcar, sitio para poder desfrutar, e tamén está o río Mero ao lado. Cre que esa podería ser unha moi boa localización, baixo o seu punto de vista, como aula da natureza, moito menos custosa a reparación e a súa adecuación, concretamente agora ten goteiras, e sábeo porque estiveron reparándoa hai uns días.

Continúa dicindo que antes utilizaba o local a asociación de veciños de Bribes, pero dende que o parvulario pechou, agora utilizan esas outras aulas para as súas reunións, e o local do encoro quedou practicamente en desuso. A el, particularmente, gustaríalle mellor, como zona para facer unha aula da natureza, ese local.

Conclúe dicindo que, se lles parece, poderían seguir co da rehabilitación da casa da Arrigada e pensar mellor, para o da aula da natureza, no local do encoro de Cecebre.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que, aínda compartindo total e absolutamente a preocupación e o espírito da moción presentada, así como a problemática que nela se expón, e que tamén dalgunha maneira expuxo o compañeiro Luis Taibo ao respecto de moitas das peculiaridades, das circunstancias, das problemáticas que se dan nun concello con crecemento demográfico como é Cambre, e respecto do coñecemento da historia municipal, a súa maneira de ser, os coñecementos toponímicos, etc., eles non están de acordo coa localización que se propón na moción para aula da natureza.

Di que é secundario se o voceiro do PP falaba por boca un pouco dos técnicos do concello, ou como opinión propia, eles comparten esa opinión, porque igual os que viven en Cambre o ven doutra maneira, pero para unha persoa que chegue de fóra, para calquera turista cada centímetro é importante, a proximidade da localización do reclamo turístico á da infraestrutura, é fundamental, e queiran ou non, no caso da proposta hai unha relativa distancia. Calquera persoa que viñera de fóra diría que Cambre ten unha aula do río que non está pegada ao río, cando ademais hai moitas casas pegadas ao río. Di que hai unha estrada, hai unha vía do tren, hai unha estación, e logo alí estaría a aula de interpretación da natureza e do río, incluída nunha urbanización, porque por riba, polo que acaban de dicir, o acceso sería por detrás.

Di que eles comparten quizais, aprioristicamente, falando dunha maneira moi superficial, a exposición que fixo don Manuel Marante. Eles tiñan outra proposta para traer hoxe ao pleno, que se pode estudar, tendo en conta, ademais, que a crise lles permite diversas licenzas de tempo en cuestións que tendo que estar feitas non están feitas ao cabo de moitos anos, e é falar con Emalcsa. Di que Emalcsa é unha empresa na que, neste momento, como empresa pública que é, o consello de administración o controla xente do PP e, ao mellor, de boas poderíase falar con eles para que algunha das instalacións que teñen alí, algunha das naves ou departamentos, se puidera dedicar a unha cuestión como esta, máxime co razoamento de que Emalcsa é unha empresa que saca un beneficio dunha explotación dun recurso hídrico, natural, que é o propio río, e alí si, na Telva si que están pegados ao río, e están, ademais, nunhas das paraxes máis fermosas. Se se puidera falar de usar parte desa instalación industrial e un pouco de boas ir vendo a maneira, sen realizar moita obra, de ter ese recurso, de ter esa aula de interpretación da natureza, sería moi importante.

Tamén sería moi importante para Cambre, porque Cambre a día de hoxe, e loxicamente non lle está botando a culpa ao goberno actual, ten unha carencia total e absoluta de instalacións para realizar actividades, é algo sangrante. A máis decente que ten é o salón de plenos, e nese sentido lembra que o Regulamento orgánico municipal recolle que debe estar tamén a disposición dos grupos municipais para a realización de actos públicos. Pero di que non estan a falar de política, agora están falando de cultura, de actos sociais, e, na medida do posible, todo o que se poida facer para que a casa da Arrigada teña eses usos e esas funcións, contará co seu apoio.

Continúa dicindo que, a maiores, eles tamén poñen en tea de xuízo a virtualidade que ten a día de hoxe o concepto de aula da natureza, ou de museo sobre un río, porque todo o que ten o da musealización, compoñentes didácticos dese tipo de recursos, son bastante estancos, cumpren unha función nun momento dado, son unha novidade, pero pregunta que pasa despois. Expón que, amortizar unha instalación pública para ter algo que per se é complexo, é moi difícil, é moi difícil crear cousas novas, o río é o río, e vai seguir sendo o río, e o que eles cren é que se debe tender a que as instalacións sexan o máis dinámicas posibles o máis polivalentes, e nese sentido, compartindo total e absolutamente a preocupación que expón EU, eles aí non o acaban de ver.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que el vai a apoiar a moción, e di que é xusto recoñecelo, e que se non lle falla a memoria foi hai aproximadamente un ano ou ano e pico cando se lles pedira aos grupos, nunha xunta de voceiros, que levasen ideas para a casa da Arrigada, el lembra que foi o compañeiro Luis Taibo a única persoa que levou unha proposta seria e por escrito, e nese momento a todos lles pareceu correcta e oportuna, e efectivamente se lle felicitou.

Di que el segue pensando que a casa da Arrigada ten a mellor situación, cunhas vías de comunicación, co tren, co río ao carón, as Insuas, o castro, preto da igrexa, a carón da capital municipal, polo tanto, cre que é o lugar máis idóneo, e, efectivamente, como xa se comentou, non significa que o teñan que facer mañá mesmo, pero si que cando se poida facer, pois que se faga aí.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, di que vai ir por partes. Primeiro quere agradecerlle aos grupos que apoian esta iniciativa, e incluso tamén agradecerlle ao grupo que non a apoia e fai unha crítica positiva.

Expón que, comezando polo que dixo o compañeiro do partido socialista, está totalmente de acordo con el, pero dille que o punto terceiro é bastante claro no sentido de que cando se pidan as subvencións, se pidan co fin de construír unha aula da natureza e interpretación do río, para iso especificamente, niso está de acordo e pensa que está claro no último punto. Segue dicindo que ademais de que pode ser un elemento dinamizador, tamén pode ser unha fonte de recursos para Cambre, porque el ten visitado algúns locais deste tipo e ademais de embelecer o pobo, son unha fonte de recursos.

Co que non coincide, aínda que é unha opinión moi persoal, é como tema do local do encoro de Cecebre, el coñece ese local e non sabe se a xente que está presente estivo dentro del, pero non lle estraña que choiva, xa que é un lugar húmido e sen calidade, ninguén o daría de alta para un uso dese tipo, ademais é pequeno. Explica que ese local foi un local para pescadores, parécelle que era para a Asociación de Pescadores, que o deixou. A el parécelle que ese non é o lugar idóneo, e menos o local, aínda que poden barallar moitísimos outros lugares.

Continúa expoñendo que, como dixo o Sr. Baamonde, cando se solicitaron alternativas eles presentaron unha alternativa fundada, pero o equipo de goberno, cando preparou o proxecto, non llelo presentou ao resto de grupos. Cre que, polo menos, deberían presentarlles esa memoria valorada.

Explica que nese tipo de aulas fanse exposicións de elementos da natureza, relacionados co río, co contorno, e para iso necesítase un local máis ou menos un pouco grande. Para el o local de Cecebre non vale para iso, como xa dixo el estivo alí, e para el ese local non cumpre, incluso pode dicir que é algo insalubre, porque non ten ventilación. Ao mellor o lugar, a situación, podería ser a idónea, pero o local non lle parece bo. En canto ao local da Telva, do que tamén se falou, non sabe se unha parte pertence a Cambre e outra parte pertence a Culleredo.

Remata dicindo que non ten máis que dicir, que lle parece que a moción está suficientemente xustificada, o sentir coñéceno todos, e posiblemente a xente que leva en Cambre máis anos, iso sen facer alago de que os de Cambre son os de Cambre, porque Cambre é unha terra de acollida, parécelle que teñen a obriga para coa xente que vén de fóra de mostrarlles todo o seu patrimonio, ao mellor é porque el naceu en Cambre, como moita outra xente, e ten unha sensibilidade distinta, pero cre que é compartida por moita máis xente, sobre todo polos que están presentes no salón de plenos. Di que non vai incidir máis no tema, polo que pide que se vote a moción, no sentido que dicía o voceiro do partido socialista, evidentemente, as subvencións pediranse para esa finalidade concreta.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que el está de acordo, que parece que todos están de acordo coa moción, xa o dixeron dende o principio, pero pregunta que pasa se piden unha subvención para facer unha aula da natureza e non llela dan, pregunta que fan entón co local. Explica que el cre que teñen que ser conscientes do que xa dixo antes, e se non se explicou ben, pois o volve a explicar, di que eles teñen intención de darlle utilidade a un local de 1912, fixeron unha memoria valorada e viron unha ventá aberta cando se deron conta de que podían pedir unha subvención a través do 1% cultural, para rehabilitar ese edificio sen darlle dedicación de nada, iso para comezar. Entón o primeiro que teñen que facer é negociar cos veciños da Arrigada para que lles permitan trasladar o tanque de gas. Falan con eles, ven a oportunidade e falan cun deputado en Madrid, a ver se era posible acceder á subvención para rehabilitar un edificio de 1912 e dilles que si, pero primeiro esíxenlles facer os cálculos para saber a cantidade que teñen

que investir para rehabilitar a casa, e para iso fixeron a memoria valorada, dese xeito xa saben o que teñen que pedir. Pregunta entón que a que van destinar a casa, pois non o saben, porque ao mellor se empeñan en facer unha aula da natureza e resulta que non poden contratar persoal, para destinado alí, entón pregunta que fixeron, non fixeron absolutamente nada. Ao mellor hai que dedicar o edificio a aula da natureza e centro de interpretación do río Mero, ou ao mellor haille que dar un destino diferente, pero unha vez feita a rehabilitación.

Continúa dicindo que por todo isto pensa que no hai que destinalo especificamente a un fin, pois ao mellor están falando de aquí a catro anos. El cre que o primeiro que teñen que saber é se teñen posibilidades de rehabilitar o edificio a través dunha subvención, e se as teñen, facer unha entrada por arriba para que poidan acceder todas persoas e rehabilitar os xardíns, e unha vez conseguida a subvención e rehabilitado o edificio, despois xa discutirán a que o van dedicar. El pensa que eses son os pasos que hai que dar, e por iso dixo dende o primeiro momento que el está de acordo con toda a moción salvo con condicionar o uso como pon no punto segundo, non está de acordo neste momento, coa situación na que está o concello.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás di que pensa que lle están a dar demasiadas voltas a esta historia, e el cre que está moi clara. Di que as subvencións se poden pedir con base ao que pide a moción, pídense baseándose niso e xa está. Pregunta se o goberno ten algún problema con que sexa dedicada a ese uso.

O Sr. alcalde contesta que ningún.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que entón que se poñan de acordo eles mesmos, e pide que se someta o asunto a votación.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre di que claro que hai un problema, porque van ter parada unha casa durante catro anos, cando dentro de dous meses poderían darlle un uso, esa é a cuestión, e por iso di que primeiro van tratar de conseguir a subvención, e cando a consigan, poden sentarse, valorar as propostas e elixir unha, porque se elixen esta sen saber se van ter subvención para nada, van ter a casa parada de forma indefinida, cousa que lle parece moi pouco razoable, sobre todo co pouco patrimonio que ten o Concello de Cambre, están a permitirse o luxo de poder facer algo coa casa dentro de catro anos.

El pensa que é a súa obriga recuperar o patrimonio histórico, teñen pouco patrimonio pois hai que recuperalo e darlle un uso para que a xente o poida utilizar, non lanzarse a unha aventura que ten grandes probabilidades de non ter futuro, porque non hai recursos, nin propios nin doutras administracións, porque tal e como está o panorama cada día e máis complexo acceder ao financiamento. Di que hai que tentar ser prudentes, acordar rehabilitar a casa, cousa na que todos están de acordo, e darlle un uso, que niso tamén están todos de acordo, pero darlle un uso que sexa realista. Primeiro

teñen que poñerse de acordo no uso, eles están de acordo coa idea da aula da natureza, pero ao mellor non están de acordo na localización nin en que este sexa o momento.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, o concelleiro presente de EU e don José Antonio Baamonde López, concelleiro integrante do GM, e votan en contra os seis concelleiros presentes do PP, os dous concelleiros do BNG e don Manuel Marante Gómez, concelleiro integrante do GM.

A Corporación, por dez votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

7º Informes da Alcaldía

De orde do señor presidente, a secretaria da Corporación dá conta dos seguintes asuntos:

- Do informe da Intervención municipal, de data 5 de decembro de 2012, sobre o cumprimento dos prazos establecidos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Primeiro trimestre 2012.
- Do informe de Tesourería, de data 5 de decembro de 2012, de rectificación do informe de data 20 de xullo de 2012 sobre cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade, correspondente ao primeiro trimestre do ano 2012.

O informe, referido ao último día do trimestre natural, comprende:

- o Os pagamentos realizados no trimestre natural (anexo 1)
- o Intereses de demora pagados no trimestre natural (anexo 1)
- o As facturas ou outros documentos xustificativos pendentes de pagamento ao seu final (facturas en fase de obriga recoñecida e pagamento ordenado) (anexo 2)
- o As facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorresen máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obrigación (anexo 2)

8º Rogos e preguntas

Rogos do PSdeG-PSOE presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 17375 o día 21 de decembro de 2012, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Denuncian veciños de Anceis a situación na que se atopan as sendas peonís, existentes a ambas marxes da N-550, no treito entre Altamira e o límite co Concello de Carral. Cheas de silvas e co firme con verdello, resulta imposible circular por elas dun xeito normal. Por todo iso:

Solicitamos se tomen as medidas oportunas para rozalas de maleza e tratar o verdello existente, de tal xeito que volvan a ser útiles como infraestruturas de seguridade viaria.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, acepta o rogo.

2º Denuncia a comunidade educativa do colexio Wenceslao Fernández Flórez de Cambre o estado no que se atopa o parque infantil sito nel. O seu firme é de terra e os nenos que xogan nel volven ás clases de educación infantil sucios e cheos de terra, a cal non tarda en quedar espallada por toda a aula. Por todo iso:

Solicitamos se dote o citado parque infantil dun solo de caucho que asegure da mellor maneira a integridade física dos nenos e permita que as aulas de educación infantil se manteñan limpas de terra e barro.

Dona M^a Jesús González Roel, concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, contesta que no colexio Wenceslao Fernández Flórez agora mesmo hai dous parques, o de infantil, que ten caucho, e o outro que está un pouco máis alonxado, que é para os nenos un pouco máis maiores, e que está con casca, non está de terra.

En canto á integridade física dos nenos, precisamente, segundo os técnicos municipais, a casca é un dos materiais que máis amortece calquera tipo de caída, e que ela saiba, de terra alí non hai ningún, hai terra e céspede arredor, parte de terra e parte de céspede. Di que falando coa directora en varias ocasións, esta lle dixo que o queren así e que non queren que se faga alí outra cousa.

Respecto da denuncia á comunidade educativa, ela está en contacto continuo coa directora e cos profesores, e a ela non lle comunicaron ningún tipo de problema co parque, e todos os anos se lle renova a casca. Di que poden buscar outro tipo de material se non gusta, pero a ela en ningún momento se lle comunicou, e de momento seguen coa casca, que repoñen todos os veráns. Conclúe reiterando que parque infantil de terra, que ela saiba, non hai.

Dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE, expón que imaxina que se trata da casca, porque debaixo dela si hai terra, e a casca non é firme, non é como se fora a espuma. Di que a reclamación vén de pais e nenos que están tendo ese problema, así que lle gustaría que se mirase o tema a ver se se pode levar a cabo, e se non, dirixirse a esa xente para que se achegue e diga exactamente cal é a queixa exacta, porque a eles viñéronlles con esa reclamación.

Dona M^a Jesús González Roel contesta que sen ningún problema, e dille á Sra. concelleira que pode dirixilos a ela cando queira. Ademais, se fai falta, buscarán unha alternativa para algún outro tipo de material, poderían ser pedriñas ou algo, aínda que logo as profesoras din que as pedriñas lévanas para o centro, pero buscaríase unha alternativa con calquera pai que o poida solicitar.

Dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro di que de acordo, e que llelo transmitirá á xente.

3º En plenos anteriores o noso grupo municipal ten requirido do equipo de goberno que se fixeran xestións ante a Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia co fin de que autorizase a ampliación do percorrido do autobús interparroquial, para dar servizo aos veciños da Mota, Cecebre. Non tendo recibido información ningunha sobre o particular:

Solicitamos se nos informe sobre o estado das xestións que se teñen realizado para dar cumprimento ás demandas dos veciños.

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, contesta que el persoalmente mantivo varias reunións co director xeral de Mobilidade da Xunta, o Sr. Bugarín. A última comunicación que tivo con el respecto dese tema foi de forma telefónica, a semana pasada, con motivo da cuarta reunión que se ía levar a cabo entre as dúas empresas concesionarias da ruta. Lembra, por se alguén non o recorda, que o conflito trata de que a concesionaria da zona de Cambre non fai unha parte da ruta, e non lle permite facela á concesionaria doutro concello que si estaría disposta. Houbo unha reunión entre as dúas empresas, pero a empresa implicada dentro do Concello de Cambre négase a deixar acceder dentro dos termos da súa concesión a outra empresa, por diversos motivos que alega.

Conclúe dicindo que na última reunión o conselleiro estivo intentando mediar entre as dúas empresas, sen chegar a ningún tipo de acordo, a pesar de que se formularon diversas propostas ou solucións, pero non se chegou a acordo. Están pendentes de manter unha quinta reunión para tentar chegar a un acordo, e cando teña lugar informaralles.

Rogos de EU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 17409 o día 22 de decembro de 2012, xunto coa moción e coas preguntas presentadas para este pleno.

1º As obras de remodelación do Campo da Feira de Cambre semellan estar rematadas, previsiblemente en breve a actividade comercial voltará ao seu espazo tradicional.

Pregamos nos informen, como van quedar estruturalmente organizados os espazos para a distribución dos postos de venda.

Dona Marta María Vázquez Golpe, concelleira de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, explica que a estrutura dos espazos para a distribución dos postos está regulada de forma xeral na Ordenanza de venda ambulante, pero si é certo que a súa aplicación práctica pode dar lugar a resultados de especial interese, polo tanto, hai que ter en conta diversos aspectos na concreción práctica da colocación. Eles son partidarios de convocar unha xunta de voceiros, de todos os grupos da Corporación, para valorar detalladamente todos eses aspectos, e concretar como vai ser esa organización estrutural.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU, di que lle parece unha idea estupenda o de manter unha reunión de voceiros para falar do tema, xa que a el realmente lle preocupa. Di que se fixo unha obra importante aí, fíxose un gran investimento, e na medida do posible deberían tratar de conservala o mellor posible. Di iso porque hai certos postos na feira, certas actividades, que ao mellor teñen produtos que ensucian máis que outros, como poden ser produtos abrasivos, por exemplo o sal. Se se fixan, onde se poñían os postos de sal antigamente, durante os catro ou cinco días seguintes quedaban alí as marcas.

Tamén deberían intentar que houbera a maior limpeza posible, ao mellor habería que dotar aos postos dalgún recipiente ou dalgunha bolsa para botar nela os residuos. É certo que inmediatamente despois de rematar a feira se limpa, pero ao mellor non terían que limpar tanto. Sería unha forma de colaborar co servizo de limpeza. Non se poden poñer contedores para todo o mundo, pero si distribuír unha serie deles.

Tamén falou antes dos produtos que poden ser prexudiciais para o que é o pavimento do campo, e ao mellor deberían pensar en colocalos na zona onde non se actuou, a zona de aglomerado, ao mellor nese espazo é onde poderían estar ese tipo de postos, sacalos do campo pero xusto pegados a el. Tamén unha serie de cousas máis que se poden tratar na xunta de voceiros.

2º Resulta estraño que o concello teñan que realizar obras que aínda que necesarias, non son da súa competencia. Algunha destas obras deberían executarse pola Xunta de Galicia, pero a realidade é que nalgún caso son afrontadas con diñeiro do Concello de Cambre.

Isto supón que outras actuacións necesarias e requiridas polos veciños/as dende hai anos, e sendo de exclusiva competencia municipal, seguen sen realizarse por falta de recursos.

Por isto pregamos ao goberno solicite dos organismos con competencia neste problema, realicen os traballos de mantemento preventivo correspondente, para garantir nas mellores condicións a senda peonil do río Mero.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, manifesta que están totalmente de acordo co rogo, de feito di que están traballando cos técnicos municipais na redacción dun acordo con Augas de Galicia para resolver ese problema.

3º A glorieta do centro de Cambre é un dos lugares de maior tráfico rodado do concello, ocasionando diversos problemas para a circulación.

Pregamos nos informen sobre a elaboración dun estudo técnico solicitado polo noso grupo no pleno do mes de abril, co fin de corrixir as carencias existentes na mencionada rotonda.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que tiñan pedido un estudo a unha consultora para que lles fixese unha memoria valorada de todo o que é seguridade viaria, servizos, etc., da estrada de Muros a Ponte do Porco, de Aián ata A Mota, niso vén incluída tamén esa rotonda, así como os pasos de peóns que se piden en varias zonas, por exemplo en Pravio.

En principio ese proxecto era para que o entregaran antes de fin de ano, pero de momento non llo entregaron, só lle entregaron un avance moi básico, pero de momento non teñen avanzado practicamente nada. Di que o compromiso que teñen é que o mes que vén lle darán xa a memoria valorada, así como as propostas para resolver eses problemas. Cando chegue, poderán velo sen problema ningún.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU, manifesta que considera urxente e importante esa actuación, tendo en conta que cada vez hai máis tráfico e colapso nesa zona, e xa saben o que pasa cos autobuses, que non son capaces de dar a volta na rotonda.

Por outra banda, el non tiña pensado tocar o tema, pero respecto do que dixo o Sr. Marante do estudo que se fai na estrada de Muros a Ponte do Porco sobre o asunto dos pasos de peóns, non sabe se son 20 ou 30 veces as que viño ese asunto ao pleno, e aínda non saben como van os proxectos. Nese sentido, xa o grupo que lles representa no Parlamento de Galicia, AGE, presentou unha reclamación a ver se a Xunta de Galicia toma medidas. Vendo que no concello non hai ningún proxecto, por iso instaron á Xunta de Galicia a que tomaran medidas cos pasos de peóns nos lugares que teñen apuntado.

Preguntas do PSdeG-PSOE presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 17375 o día 21 de decembro de 2012, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª En días pasados vén de caerse parte do camiño da Ponte, Cela, ao Canal, no treito que linda co río Mero. Nos imos reiterar as denuncias que en dúas ocasións se fixeron neste pleno por parte do noso grupo, e que, por non seren escoitadas e atendidas ao seu

debido tempo, remataron coa situación actual de perigo para as vivendas lindeiras co derrubamento, así como para o colector de saneamento que discorre polo citado viario. Ante esta situación este grupo pregunta:

Cales son as medidas que se van adoptar pola Xunta de Galicia e polo goberno municipal para repoñer o camiño ao seu estado orixinal?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que o día 17 deste mes quedou en vir polo concello o subdirector de Augas de Galicia coa empresa e coa consultora, para xunto cos técnicos municipais analizar a situación e buscar unha solución. Di que o subdirector ao final non puido vir, viñeron os representantes da consultora e da construtora, e ían presentarlle ao subdirector a proposta de facer un dique. Agarda que o mes que vén se resolva o problema, de todos modos, di que tamén o Sr. alcalde tivo conversas co presidente de Augas de Galicia previamente a esa visita, porque precisamente se conseguiu que viñese esa xente polas xestións que se fixeron ata agora.

Conclúe reiterando que agardan que para o mes que vén resolvan o tema.

Don José Manuel Lemos Seoane, do PSdeG-PSOE, agradece a resposta e sinala que dende o seu grupo consideran que, a maiores dese dique, unha das solucións pasa por quitarlle parte desa curva que ten aí o río.

2ª En que situación se atopa a redacción dos proxectos de saneamento para as parroquias de Santa María de Vigo e Andeiro, comprometida coa aceptación dos votos particulares presentados por este grupo aos orzamentos municipais de 2012?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que a semana pasada, cando tiveron a reunión do Plan xeral, xa lles dixo que tiña un avance e que quedaran en darlle o venres toda a documentación rematada. Di que as memorias valoradas trouxéronllas onte, están nas oficinas, e cando queiran poden velas. Está todo, Andeiro e máis Santa María de Vigo.

3ª En que estado se atopa a redacción do proxecto de sendas peonís en Meixigo e San Lourenzo, comprometida coa aprobación dos votos particulares presentados por este grupo aos orzamentos de 2012?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que este asunto está encargado á mesma empresa que está facendo o da AC-214, supón que o traerán todo xunto.

Conclúe dicindo que agarda telo o mes que vén.

Preguntas de EU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 17409 o día 22 de decembro de 2012, xunto coa moción e cos rogos presentados para este pleno.

1ª As xuntas locais de seguridade son órganos colexiados para facilitar a cooperación e coordinación no ámbito territorial do municipio, entre as distintas administracións públicas en materia de seguridade, asegurando de forma específica a cooperación e coordinación operativa das forzas e corpos de seguridade que interveñen no termo municipal.

Tendo en conta o contemplado no Real decreto 1087/2010, polo que aproba o Regulamento das xuntas locais de seguridade:

Pensa o goberno constituír os consellos sectoriais de seguridade co fin de incorporar aos grupos da oposición neles e poder formar parte do dito órgano?

O Sr. alcalde contesta que a Xunta local de seguridade reúnese dúas veces ao ano, e ben é verdade que os consellos locais de seguridade, loxicamente, constitúense naqueles municipios que non teñen policía municipal. Di que pediu informes sobre a Xunta local de seguridade a todos os compoñentes, falou con eles e en principio non está na idea do goberno constituír eses consellos, por non velos estritamente necesarios.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU, sinala que lle sorprende o que dixo ao final, que non os ve necesarios.

O Sr. alcalde puntualiza que dixo estritamente necesarios. Explica que el dixo iso porque nos consellos sectoriais de seguridade sempre fai falta persoal, e o problema que ten este concello é que necesitaría máis persoal para destinalo a todos eses consellos.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que nos consellos sectoriais de seguridade, que están contemplados no Real decreto 1087/2010, o que el entende é que se poderán incorporar os membros da oposición, algún representante dos empresarios, ao mellor algún representante doutras entidades, e outros, para acadar a máxima representación nos consellos.

Continúa dicindo que moitas veces falan nos plenos estritamente de seguridade, pero algunhas cousas as calan, cre que por ser todos discretos, e as falan na xunta de voceiros, pero hai outras cousas que consideran necesario que se falen nas xuntas de seguridade, e cre que a oposición debería formar parte delas, evidentemente, como contempla o decreto, con voz e sen voto, pero polo menos que os escoiten, porque el cre que poden achegar moito. Fálase de actos vandálicos, de cincuenta mil historias, e cre que a oposición ten moito que dicir neses casos, e o sitio idóneo, o ámbito adecuado, son as xuntas locais de seguridade.

Di que no decreto se recolle que co obxecto de lograr a máxima participación cidadá na mellora dos niveis de seguridade pública, poderán constituírse os consellos locais de seguridade, aos cales serán invitados representantes de asociacións cidadás, organizacións empresarias, sindicatos e outras institucións e sectores que conformen o tecido social. O feito de que se inviten non quere dicir que veñan todos, pero, por exemplo, o resto dos grupos municipais poderían ser uns dos que poderían falar deses asuntos.

O Sr. alcalde di que el non llo vai discutir, pero que o Sr. Taibo fixo unha pregunta e el respondeu a esa pregunta. Di que xa o pon o propio artigo 13 do Regulamento de participación cidadá, que poderán constituírse. O voceiro de EU preguntoulle se o goberno pensaba constituílos, e el contestoulle que en principio non ten pensado facelo. El sabe que son importantes, pero de momento non ten pensado constituílos.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que o Sr. alcalde non ten pensado constituílos, pero que poderían estar constituídos se o Sr. alcalde fixera unha política máis de achegamento aos cidadáns, porque hai un Regulamento de participación cidadá, que como ben sabe, permite que se constitúan os consellos sectoriais, pero ese regulamento polo mes de marzo fará un ano que non se toca. Nese regulamento si que estaba contemplado constituír os consellos sectoriais e outros máis, como por exemplo o dos desafuzamentos, aínda que cando neste pleno se propuxo nunha moción facer unha comisión para iso, o Sr. alcalde botouse as mans á cabeza. Pídelles que aprendan dos concellos de arredor, como por exemplo Culleredo, que aprobou o outro día a comisión.

O Sr. alcalde di que este é o capítulo de preguntas, o Sr. Taibo fixo a pregunta e el respondeulla, pero o concelleiro de EU converteuna nunha moción, nun ataque ao goberno. Di que el xa sabe o do Regulamento de participación cidadá, pero xa lle dixo o outro día que el non pode poñelo en marcha porque só ten un funcionario, iso a menos que o queira constituír o propio Sr. Taibo.

Don Luis Miguel Taibo Casás pídelles ao Sr. alcalde que se tranquilice, porque sabe ben que el non pode constituír nada, para iso está o alcalde, que é o responsable do concello.

O Sr. alcalde di que de acordo, que como é responsable el xa respondeu á pregunta, e en todos os plenos converte as preguntas ou rogos en mocións.

Don Luis Miguel Taibo Casás pregunta se é que non se pode falar. Di que hai que falar e debater, e como dixo antes, con educación e con respecto, iso non se pode perder.

2ª Xa hai máis dun ano, o grupo municipal de Esquerda Unida trasladou ao concelleiro responsable de Obras, a deficiente situación na que se atopa a organización do sentido da circulación así como o pintado dos aparcadoiros da rúa Estanque de Abaixo, no Temple. O sentido do tráfico nesta rúa é tanto de subida como de baixada, o que

provoca que se se cruzan dous coches un deles teña que deterse para que o outro circule, sen que exista sinalización sobre preferencia de tráfico. O concelleiro de Obras respondeunos hai xa 15 meses que daría traslado aos técnicos que se ían poñer a fondo co tema.

Que xestións se teñen realizado e que indican os informes técnicos realizados para a reorganización do tráfico na rúa indicada?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que xa teñen un informe técnico, estivo a Policía, e estiveron vendo toda a zona para reorganizar o tráfico das rúas Estanque de Abaixo, Estanque de Arriba, Martín Codax, etc. Di que agardan poder sacalo nos orzamentos deste ano, porque o informe xa está feito.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, dille que, como sabe perfectamente, é un tema de urxencia regularizar esa rúa.

3ª Pode informarnos o goberno sobre os problemas existentes coa recepción das obras nas rúas Lucio Muñoz e Pablo Manzano, que provocaron a carencia de iluminación pública durante máis de dúas semanas?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que o problema é que había unhas obras de urbanización que non estaban rematadas, non estaban feitas por parte da construtora, e como esa luz non se estaba pagando, Fenosa cortou a subministración. Di que rapidamente a construtora se puxo ao traballar e fixo os traballos que se necesitaban para conectar esa iluminación a un cadro existente que podía soportar o aumento de potencia de toda esa iluminación.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que el observou que estes días estaba funcionando, pero non sabe se foi hai dous ou tres días parou de funcionar o conxunto da iluminación.

Tamén pregunta se están recepciónadas esas obras polo concello, xa que viu nos medios de comunicación que non o estaban, que era un problema da construtora e que por iso veu Fenosa e cortou a enerxía.

Don Manuel Marante Gómez contesta que antes era iso, pero que agora a empresa construtora fixo a canalización correspondente e as luces conectáronse a un cadro xa existente, capaz de soportar a carga a maiores que lle supoñen esas luminarias. En principio non debería haber problemas, se estiveron apagadas igual foi por algunha avaría, pero deberían funcionar.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que, entón, entende que están xa conectadas a un cadro do concello.

Don Manuel Marante Gómez contesta que si.

Don Luis Miguel Taibo Casás volve preguntar se a obra está recepcionada.

Don Manuel Marante Gómez contesta que a obra urbanizadora, no seu conxunto, non o sabe.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que o pregunta porque non vaia ser que o concello estea pagando unha factura da luz que non lle corresponde.

Don Manuel Marante Gómez contesta que iso non. Imaxina que estarán recepcionadas, pero non o sabe. El o que sabe é que faltaba iso, era un dos problemas que se lle poñían, e agora a obra está resolta, pero non sabe se lle faltarán algúns temas máis, iso saberano en Urbanismo, el non o sabe.

Don Luis Miguel Taibo Casás explica que el o di porque se antes estaba enganchado a un cadro de obra, non vaia ser que agora estea enganchado a un cadro do concello e que sexa o concello quen pague o consumo sen estar as obras recepcionadas.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente desexa a todos os presentes unha feliz saída e entrada de ano, e levanta a sesión cando son as vinte e tres horas, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Manuel Rivas Caridad

M^a Luisa de la Red Ampudia